

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 27 de xullo de 2006**

ORDE DO DÍA dos asuntos que se van tratar na SESIÓN PLENARIA ORDINARIA, que se celebrará o vindeiro xoves, 27 de xullo de 2006, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Central-Actas

- [1.- Aprobación da acta anterior, nº 7/06 do 29 de xuño.](#)
- [2.- Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 11.416 á nº 13.481.](#)
- [3.- Proposición da Presidencia sobre o cambio de data do Pleno ordinario de agosto.](#)

Economía, Facenda e Especial de Contas

- [4.- Ratificación da resolución da Presidencia, pola que se practica a liquidación extraordinaria da recadación voluntaria aos concellos usuarios, correspondente ao imposto sobre vehículos de tracción mecánica e as taxas e prezos públicos municipais postos para cobramento no primeiro semestre do ano 2006.](#)
- [5.- Aprobación definitiva da Conta Xeral do orzamento correspondente ao exercicio 2005.](#)

Cooperación e asistencia a municipios

- [6.- Aprobación do proxecto reformado da obra “Instalacións solares fotovoltaicas con conexión á rede e instalacións solares térmicas en 11 concellos da provincia da Coruña”, incluída no Programa de proxectos singulares, anualidade 2005. Código 05.2700.0001.0](#)

Plans Especiais, Contratación e Equipamento

- [7.- Proposta do presidente verbo da validación das actuacións do Concello de Muros en relación á obra “Urbanización de Soborribas 1ª fase”, incluída no Plan de investimentos locais 2005.](#)
- [8.- Aprobación da rectificación anual do inventario de bens da Excma. Deputación Provincial da Coruña.](#)

Infraestruturas Viarias: Vías e Obras provinciais

- [9.- Proposta de resolución por mutuo acordo do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia a Deputación Provincial da Coruña para a subvención da peaxe da Barcala, da autoestrada AP-9 e do convenio de colaboración entre a Deputación](#)

Provincial da Coruña, a Consellaría de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia e a entidade Caixa Galicia, para a posta en funcionamento dunha tarxeta para a subvención da peaxe no tramo A Coruña-A Barcala da autoestrada AP-9.

10.- Aprobación técnica dos proxectos que integran a novena relación do Plan de vías provinciais 2006-2008, de acordo co Programa de investimentos de vías provinciais 2006-2008 obra “Ampliación e mellora da EP 2502 desde o p.k. 3+000 ao 9+800 de Valdoviño a Cerdido e variante das Forcadas (Valdoviño)” e solicitude á Xunta de Galicia da declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras.

11.- Proposta de aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2006, 3ª fase.

12.- Deixar sen efecto o acordo plenario do 29-9-2005 relativo á execución da obra Seguridade Viaria entre o p.k. 4,000 ao 5,000 da EP 3607 Balón a San Xurxo (Ferrol), incluída na segunda relación do Plan de vías provinciais 2006-2008.

Cultura, Educación e Patrimonio Histórico-Artístico

13.- Informe sobre a decisión do Premio “Otero Pedrayo 2006”.

Planificación e Xestión de Recursos Humanos

14.- Modificación das especificacións do Plan de pensións do persoal da Excm. Deputación Provincial da Coruña.

15.- Corrección de erros no cadro de persoal.

Promoción Económica, Emprego e Turismo

16.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e a Axencia Española de Cooperación Internacional para a implementación de dous centros de provisión para os ancoradoiros de pescadores da zona norte e sur da provincia de Manabí (Ecuador)

17.- Aprobación do convenio entre a Fundación Galicia Emigración e a Deputación provincial para a celebración do I Congreso técnico de empresarios “O futuro dos emprendedores galegos”.

18.- Aprobación do convenio entre a Deputación provincial e a Asociación “Galiza por Palestina” para mellorar as condicións médico-sanitarias en Cisjordania-Palestina.

19.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Centro Arzuán Melidense da República Arxentina para a realización do proxecto “Noso Lar”.

20.- Aprobación da primeira anualidade “Plan piloto da mellora de calidade turística de Portodemouros” mediante o convenio entre a Deputación e a Consellaría de Innovación e Industria da Xunta de Galicia.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓN

ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 27 DE XULLO DE 2006

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 27 de xullo de 2006, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar sesión **ordinaria** .

CONCORRENTES

PRESIDE EN AUSENCIA DO TITULAR O ILMO. SR:

DON XAIME BELLO COSTA BNG

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON JOSÉ LUIS ARMADA CASTRO	PSOE
DON JOSE BLANCO PAZOS	PP
DON MANUEL CAAMAÑO LOURO	PP
DON FRANCISCO ANTONIO CANDELA CASTRILLO	PSOE
DONA SOCORRO CEA VÁZQUEZ	BNG
DON JOSÉ MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ	PP
DON GERMÁN DIZ ARÉN	PSOE
DON JOSÉ FERREIRO PARDIÑAS	PP
DON JOSÉ LUIS FONDO AGUIAR	PP
DON JOSÉ ANDRÉS GARCÍA CARDESO	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DONA RAQUEL JABARES FERNÁNDEZ	BNG
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON EDUARDO LAMAS SÁNCHEZ	PP
DON CARLOS ENRIQUE LÓPEZ CRESPO	PP
DON JOSE MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
DON JOSÉ FEDERICO NOGUEIRA FERNÁNDEZ	PSOE
DON MANUEL POSE MIÑONES	PP
DON CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ	PSOE
DON MIGUEL PRADO PATIÑO	PP
DON RAMÓN QUINTÁNS VILA	PSOE
DON ERNESTO RIEIRO OREIRO	PP
DON ALEJANDRO RODRÍGUEZ LEMA	PSOE
DONA PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE

DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER	PP
DONA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

Escúsase o Sr. Presidente.

Non asiste o Sr. Campo Fernández.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e dez minutos, o Sr. Secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, tocante aos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR, Nº 7/06 DO 29 DE XUÑO.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 7/06, do 29 de xuño.

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 11.416 Á Nº 13.481.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 11.416 á nº 13.481.

3.- PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE O CAMBIO DE DATA DO PLENO ORDINARIO DE AGOSTO.

Por unanimidade ratifícase a inclusión deste punto na orde do día e apróbase tamén por unanimidade:

“Visto que o artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), conforme á redacción introducida pola Lei 11/1999, do 21 de abril, ordena que o Pleno das Deputacións provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outro lado, o artigo 35 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúelle ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da Corporación provincial.

Tendo en conta que o mes de agosto coincide coas vacacións da maioría dos deputados

e funcionarios e que esta circunstancia non permite unha adecuada preparación dos asuntos que se terían que someter ao Pleno na data prefixada do día 31 de agosto.

Polo tanto, e como excepción singular do réxime ordinario establecido en sesión do 17 de setembro de 2004, propónselle ao Pleno, logo da ratificación previa da inclusión na orde do día conforme aos artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo: "A sesión ordinaria do Pleno da Deputación provincial correspondente ao oitavo mes de 2006 celebrárase o día 15 de setembro, venres, a partir das doce horas."

4.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA, POLA QUE SE PRACTICA A LIQUIDACIÓN EXTRAORDINARIA DA RECADACIÓN VOLUNTARIA AOS CONCELLOS USUARIOS, CORRESPONDENTE AO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA E AS TAXAS E PREZOS PÚBLICOS MUNICIPAIS POSTOS PARA COBRAMENTO NO PRIMEIRO SEMESTRE DO ANO 2006.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"Ratificar a Resolución da Presidencia nº 12.756 do 4 de xullo de 2006, pola que se presta conformidade á proposta formulada polo Servizo Provincial de Recadación, relativa ao aboamento aos concellos usuarios, dos saldos resultantes de practicarlles a liquidación obtida, en función da recadación voluntaria do primeiro semestre do ano 2006 (período do 10 de marzo ao 15 de maio), polos conceptos que se citan deseguido:

- Padrón IVTM do exercicio 2006.
- Padrón de recollida do lixo exercicio 2006 dos concellos da Baña, Vilarmaior e Laxe, no caso de Laxe tamén se liquida o padrón de entrada de vehículos (vaos) e o padrón de sumidoiros do exercicio 2006.
- Padrón de recollida do lixo do segundo semestre do exercicio 2005 no caso do Consorcio das Mariñas.
- Padrón de recollida do lixo (anualidade 2005) do concello de Teo.
- Padrón de recollida do lixo do exercicio 2006 concellos de Coirós, Curtis, Muros, Padrón e Pontedeume. Neste último concello liquidáanse tamén as taxas por entrada de vehículos (vaos).
- Padrón de recollida do lixo do exercicio 2004, Concello de Negreira."

5.- APROBACIÓN DEFINITIVA DA CONTA XERAL DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2005.

INTERVENCIONS

Sr. Lagares Pérez

Bos días a todos. Presentamos en tempo e forma a Conta Xeral do exercicio 2005 desta institución provincial, cun proceso, indubidablemente, que comeza pola entrega aos distintos grupos políticos de toda a documentación para o seu estudo. Celébrase a Comisión Informativa, a primeira Comisión Informativa o 30 de maio, para a súa exposición pública durante 15 máis 8 días por se houber reclamacións ou alegacións, e entón sométese a un novo ditame da Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas o 19 deste mes. Non existiu ningunha alegación, non existiu ningunha reclamación, e correspóndelle agora ao Pleno soberano a aprobación, se proceder desta Conta Xeral do exercicio 2005.

A Conta Xeral non é só unha rendición numérica do que pasa nesta casa, senón que é unha filosofía, unha análise pormenorizada da institución provincial en todos os aspectos. A nivel económico representa a finalización do exercicio económico 2005, que comezamos no mes de novembro de 2004, aprobando inicialmente o Orzamento, entrou en vigor o 1 de xaneiro, someteuse a expedientes de modificación de crédito, 3 de Pleno e os restantes feitos directamente pola Presidencia, e a continuación deuse conta, neste ano, no Pleno do mes de febreiro, da liquidación do Orzamento, que foi esta liquidación aprobada, como saben as Sras. e Sres. deputados, aprobada por resolución do presidente e coa obriga de dar conta ao primeiro Pleno que se celebre.

Os documentos e informes que acompañan a esta Conta que está en poder dos tres grupos que comportan esta cámara, están todos adecuados ao Texto refundido da lei de facendas locais e dicía que non se trata exclusivamente dun estudo numérico, existe un estudo socioeconómico, digamos, de forma global, de toda a provincia, desde a estrutura política e administrativa da deputación a distintas obras que se fan ao longo do ano ou que se recuperan doutros exercicios, dado que hai obras que, como saben todos vostedes, son plurianuais e non se poden executar nun ano, como moita veces, e vaise dar este caso, o Orzamento consolidado e definitivo non se pode levar a efecto no propio ano, aínda que o gasto comprometido, como veremos ao longo da miña intervención, é elevada, aínda que mellorábel.

Teño que dicir en relación, e como algún dato importante, que esta institución consta cun total de 780 traballadores, sendo 619 funcionarios e 161 persoal laboral. Así mesmo, participamos con entidades e outros organismos de participación nun total de 54, en padroados e fundacións un total de 13, isto quere dicir que, indubidablemente, tanto as entidades coma os padroados e as fundacións reciben no seu momento unha subvención, a través dun convenio, unha subvención nominativa, que analizaremos tamén no seu momento, e que participan economicamente no Orzamento provincial, dunha forma, ben a través de convenio, ben a través de recibir a subvención e xustificala, ou ben a través das formas que así o permiten a Lei de xeral de subvencións e demais concordantes.

Teño que destacar que no ano 2005 o endebedamento prodúcese unha amortización dun total de 9 millóns de euros, sendo a débeda acumulada total inferior ao 2004 en preto de 800.000, concretamente 783.753 euros menos a débeda do ano 2005 en relación ao Orzamento inmediatamente anterior do ano 2004.

É importante ver que a información orzamentaria do ano 2005 tivo un aspecto que está na mente de todas as deputadas e de todos os deputados. Tíñamos un Orzamento inicial este ano de case 161 millóns de euros, pero deuse unha circunstancia nas modificacións de créditos, despois da incorporación de remanentes, que se asinou un convenio, como ben saben, coa Consellería de Sanidade, o que achegou unhas economías importantes, tanto aquí internas na institución, como externas a través do protocolo que foi referendado por esta Cámara e onde a Consellería de Sanidade facía un investimento en Centros de Saúde na provincia por algo máis de 19 millóns de euros, e á vez recibiamos dunhas economías que estaban ociosas, un total, aproximadamente, de 17-18 millóns de euros, para investimentos a través de tres proxectos fundamentais, do Plan de infraestruturas locais, o chamado PIL, do Plan de grandes cidades, Coruña, Santiago, Ferrol e o Plan de piscinas que foi un plan, como saben, para piscinas de máis de 10.000 habitantes, que foi bianual, no ano 2005 e no ano 2006. Neste momento se están a adxudicar aínda as piscinas de concellos como Porto do Son e como Rianxo, por isto despois veremos que estes gastos comprometidos, ou esas obrigas recoñecidas non poden ser ao cen por cento.

A que nos leva isto?, lévanos a un Orzamento definitivo de 318.324.260,81 euros. Trátase do orzamento máis elevado que tivo esta institución. E o orzamento máis elevado deste organismo provincial representa os créditos retidos o 92,24 do seu total. En relación á execución dos programas que estiveron a disposición das Sras. e Sres. deputados e que así explicamos minuciosamente na Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, nas dúas que houbo, e que aparecen na memoria da Presidencia, poden comprobar o cumprimento, o grao de cumprimento dos distintos programas no seu gasto comprometido. Quero dicir que, indubidablemente, hai que ter en conta os aspectos dos que falaba ao longo desta intervención, que o Plan de infraestruturas locais forma parte do Orzamento 2005 e non está nada certificado e están as economías para aboar aos concellos, dado que isto depende dos concellos. Este equipo de goberno considera que a autonomía municipal debe ser unha máquina potente e que cada vez sexa maior, e delegou, como ben saben, non soamente no Plan de cooperación ás obras e servizos, senón no propio PIL a súa contratación, a súa xestión, elaboración de proxectos, etc., por parte dos distintos concellos que participaron neste programa, agás o das grandes cidades.

Igualmente no Plan de grandes cidades, que supuña un montante, ou que supón un montante, de 4 millóns de euros, neste momento non hai nada executado porque as obras están, como no caso anterior, a punto de se adxudicaren. E amén, tamén falaba, do mesmo das piscinas.

E que quere dicir ou a que nos leva a conclusión desta execución orzamentaria?, pois que os gastos comprometidos representan o 73,09% do Orzamento total, o gasto comprometido a 31 de decembro de 2005.

É bo, é regular, é malo?, eu digo, é mellorábel, todo é mellorábel, pero teñamos en conta, e nisto quero insistir, ser reiterativo, en que moitas veces a execución orzamentaria da Deputación Provincial da Coruña está condicionada a elementos externos como poden ser a actuación e xestión dos propios concellos da provincia.

En relación aos gastos autorizados, a porcentaxe é máis elevada, representa o 78,59% e insisto, son inferiores aos exercicios anteriores, pero a motivación remátoa de expor.

Porén, os programas iniciais teñen, en xeral, unha boa xestión. Eu aquí, en nome do meu grupo e en nome do equipo de goberno, quero insistir no plan estrela desta deputación, no Plan de cooperación ás obras e servizos, que é a pauta máis importante que hai, indubidablemente. Neste plan de preto de 33 millóns de euros, xestionouse o 96,22%, un total de 31.448.017 do total. E así, nestas follías que coñecen as Sras. e Sres. deputados, aparecen recollidos os distintos programas, por citar algún que me sae aquí, en infraestruturas básicas, pois miren, soamente está o 40,95%, por que?, porque en infraestruturas básicas, á parte do Programa operativo local, do POL, está o Plan de investimentos do PIL, das grandes cidades e dos que citaba con anterioridade. Porén, en comunicacións, o 80,22, en transporte terrestre, o 79,70, en fin, non vou facer unha exposición de como son os programas que aparecen aquí reflectidos, e que igual na segunda intervención, para maior información, teño que facer uso deles.

Tamén é importante destacar que esta deputación, ao longo do exercicio 2005, e téñase en conta que aquí se recollen proxectos anteriores e os da propia anualidade, xestiona un total de 1.417 proxectos, que podemos detallar en catro grupos fundamentais: 1.376 corresponden a proxectos de obras, obras novas, melloras, equipamentos, rehabilitacións, etc., catro a proxectos de formación, unha gran parte destes proxectos de formación son proxectos europeos: o Pértega, o Equal, o Proximitas Plus, -que está neste momento en desenvolvemento e que ten tamén 0 euros de gasto, por ese motivo, porque está aínda desenvolvéndose, dado os trámites que hai que levar, por pór un exemplo, neste caso coa Unión Europea-, outros 14 proxectos da Unión Europea e, por último, 23 proxectos de tipo social, de tipo ambiental, de fomento pesqueiro, do sector rural, do sector agropecuario, etc.

O financiamento destes gastos, tamén é importante ter este coñecemento, procede o 39% do empréstito interior da propia deputación, é dicir, de achegas económicas da Deputación provincial, o 19,8 % do Ministerio das Administracións Públicas, fundamentalmente para os dous grandes proxectos, como son o Plan de cooperación ás obras e servizos, e o Programa operativo local que, á vez, recibe, como

saben todos vostedes, financiamento da Unión Europea; do FEDER, un 16,85 e o resto de distintas administracións.

Polo tanto, e sen ánimo de cansar, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, a xestión deste orzamento considera este equipo de goberno que é boa, pero que é mellorábel. En segundo lugar, quero destacar que se multiplica por dous o orzamento inicial, e que a súa xestión en gasto comprometido non chega aos parámetros que poidamos dicir, ideais, pero son por circunstancias debidamente aquí explicadas. E dicirlles que este equipo de goberno, e entendo que tamén a oposición, facendo o seu traballo de control e de fiscalización, que é importante, sen dúbida, todos os días está ao servizo dos concellos e, sobre todo, dos cidadáns da provincia para conseguir, da maneira máis solidaria posíbel, unha provincia con máis investimentos, máis solidaria e con máis progreso. Moitas grazas, e evidentemente, solicítolle ao grupo popular o voto favorábel para esta Conta Xeral. Moitas grazas.

Sr. López Crespo

Imos tratar de analizar os datos da Conta Xeral, é posíbel Sr. Lagares que mencionemos os mesmos datos, só que vostede lle pon o envoltorio bastante ben, podía mellorar, pero bastante ben, e eu voulle pór bastante regular, debe mellorar, senón corren o risco de volver en setembro, é dicir, que son os mesmos datos, porque isto si que non se pode enganar, aquí dicir medias verdades non ten sentido porque se mentiría na primeira media verdade e volveríase mentir na segunda media verdade, por iso mentiras, non, só son interpretacións.

Nós, á parte da crítica que podemos facer por control e fiscalización, dixémolo sempre, facémolo por colaborar, colaborar co grupo de goberno, é dicir, que as nosas achegas irán encamiñadas a colaborar.

Cando aquí se traen ás Corporacións, como a deputación, os concellos, e non digamos a nivel do Estado, cando se fan os orzamentos a principios dun ano, no final do anterior para o seguinte, dásele, a verdade, moitísima importancia. Eu, persoalmente, son persoalmente eu, nunca lle dei tanta importancia aos orzamentos, porque os orzamentos son hipóteses para contratar, e entón resulta que a realidade, un sae das variábeis independentes, das dependentes, pero entón veñen as intervinientes, que son as que non se poden controlar, e rompen todo o proceso, por iso ás veces non é imputábel á xestión dos gobernos que o fan, os cambios, pero neste caso a nós parécenos que si, porque xa digo, cando se trouxo aquí a aprobación do orzamento, a nós parecíanos que non ía ser doado realizar o camiño que se estaba establecendo naquel. Só sirva como elemento de reflexión, no informe do presidente, isto vouno ler textualmente para non..., aparecían uns cualificativos, dicía: "...Canto se expuxo permite afirmar que o proxecto de orzamento é realista, responsábel, austero, solidario, ilusionante, modernizador, respectuoso coa legalización vixente e que orienta a acción práctica e eficaz ao servizo da provincia.", evidentemente o título calquera o asumiría, e eu digo, porque nós con este título, votamos en contra, entón, imos ver, precisamente,

porque nós votamos non a ese orzamento que ofrecía eses cualificativos e que de ter un grao de fe máis elevado que o do Grupo Popular o aprobaríamos ao principio, a fe era pouca, entón contrastámolo agora coa Conta Xeral.

Por que non votamos?, porque as operacións correntes medraban excesivamente e, polo contrario, as operacións de capital reducíanse. Ademais, había unha figura legal, pero que a nós nos parecía extremadamente abusiva, que eran as subvencións nominativas, cun total de 68 subvencións nominativas, que supuñan un investimento de 5,3 millóns de euros, e que representaba un crecemento respecto ao último exercicio, no que gobernaba o Partido Popular, superior ao 90%. Entón, as operacións correntes medraban tamén nos dous últimos anos un 22%, e representaba o maior crecemento o Capítulo II, con vostedes, gastos de funcionamento, que o facía nun 44%, é dicir, operacións correntes 22%, gastos de funcionamento, o 44%.

No que respecta ás operacións de capital, capítulos VI e VII, o importe reducíase nestes dous últimos anos nun 5,7%. Todo isto, estas variacións no crecemento nuns casos, e na redución noutros, contando con que o Orzamento Xeral da deputación aumentaba, medraba nestes anos un 9,06%. Entón vemos as modificacións que foron realizando ao longo do Orzamento 2005, no que respecta a expedientes de modificación de crédito, dicía vostede, sometidos a aprobación do Pleno foron tres, e supuxo o conxunto 41 créditos extraordinarios e 83 suplementos de crédito, o que dá unha medida da falta de adecuación sobre a previsión inicial. Ademais, estas modificacións supuxeron un aumento de 53 novas subvencións nominativas, co que se chegou nos orzamentos 2005 a un total de 121 subvencións nominativas por importe de 13,6 millóns de euros. Isto supuña, ao noso modo de ver, un crecemento excesivo, case, case, podíamos dicir, escandaloso, exponencial desas subvencións nominativas que no ano 2003, último de referencia do noso goberno eran 35, 35 no seu número, e cun importe total de 2,8 millóns de pesetas.

As modificacións realizadas en 2005, tanto as aprobadas en Pleno como por resolución do presidente, ascenderon a 73 millóns de euros, o conxunto das modificacións foron 157,4 millóns de euros. Así, nun cadro moi sintético, podíamos dicir: Orzamento inicial, 160,9 millóns de euros; modificacións e incorporacións, 157,4 millóns de euros; Orzamento total definitivo, 318,3 millóns de euros. Como se ve, o parecido entre o Orzamento inicial e o Orzamento definitivo é outro caso onde hai que recorrer á fe para lle encontrar o parecido, cheo está a refraneiro galego de casos como este, pero o do “ovo á castaña”, pódelle vir tamén ben.

Canto á execución do orzamento e o resultado da xestión, xa indicamos que as alteracións orzamentarias representan o 97,28%, houbo unhas alteracións verbo do inicial do 97,88%. Imos ver cales son os resultados da xestión deste segundo orzamento do equipo de goberno. Dos 318 millóns en que converteron o orzamento, gastaron soamente 151,1 millóns de euros, de 318,3, gastaron só 151, o que representa o 47,49% da totalidade, e non gastaron 167 millóns de euros, é dicir, gastaron menos

do que deixaron sen gastar, dito doutra maneira, de cada 100 euros orzados, deixaron sen gastar 63 e só foron capaces de gastar 47.

Este primeiro dato que lle estou a dar, Sr. Lagares, vostede seguro que xa está a adiviñar que a bondade do examinador comeza a ter dificultades para seguir exercendo e encamiñámonos cara unha nota, talvez que non consegue coas expectativas do examinado, pero imos seguir vendo. Si gastaron vostedes onde é máis doado, en gasto corrente, é dicir, aí fixérono menos mal, até case podíamos dicir aceptábel. Cada vez destinan maiores recursos orzamentarios a gastos correntes, onde é máis doado gastar, e menos a operacións de capital, onde se necesita unha xestión máis eficaz e talvez un esforzo e unha tenacidade máis constante, cousa que eu non dubido que a teñan, pero que ás veces con esas variábeis intervenientes, que non saben traer ao camiño, non conseguen vencelas.

En operacións correntes lograron gastar soamente o 66,34%, en operacións de capital só foron capaces de gastar un terzo do que tiñan orzado, deixando dous terzos sen gastar. Este segundo dato evidencia que a calidade da xestión dos recursos dispoñíbeis foi moi, pero que moi deficiente.

Con estes datos sería dar a nota, pero non a vou anticipar, antes de dar algunha outra táboa comparativa verbo de 2003, último exercicio noso, e verbo de 2004 e 2005, os orzamentos liquidados por vostedes até agora. No ano 2003 o gasto total desta deputación, repito, último exercicio gobernado polo Partido Popular, foi do 62,28%; o gasto en operacións de capital, capítulos VI e VII, foi do 55,16%; en 2004, primeiro exercicio da súa xestión, o gasto total foi do 53%, algo así como un 9% menos, e en operacións de capital dun 45%, algo así como un 10% menos, e neste 95 seguen baixando, gasto total, 47%, e gasto en operacións de capital, 33%, un 22% menos que o último do Partido Popular.

Para dar unha idea tamén da dimensión do estrago da xestión, diremos que no ano 2003 se gastaron en investimentos, capítulos VI e VII, 94 millóns de euros, en 2003; no ano 2005 non superaron os 64 millóns de euros, é dicir, 30 millóns menos. As cifras cantan, estas probas que eu estou a dar demostran a realidade, entón nós coas nosas contas recoñecemos que había que seguir facendo un esforzo para que a xestión fose máis eficaz e, como vostede dicía, para que os cidadáns da provincia e os concellos se beneficiasen desta xestión.

Vostedes non o tiñan tan claro e na propia Memoria din “...Non se puido alcanzar os obxectivos previstos ao máximo nivel do cen por cento, pero si realizamos un esforzo de xestión para que a execución sexa a máxima posíbel”. Nós agradecemoslle o esforzo pero dicímoslle que, efectivamente, afirmamos con vostedes que están lonxe do cen por cento de execución, moi lonxe, e lonxe da expectativas e da satisfacción dos veciños da provincia e dos concellos da provincia.

E por último dicir que tamén respecto ao investimento por habitante, no ano 2003 había un investimento desta deputación de 84,63 euros por habitante, en 2004, 60,17 euros, e en 2005 só 57,52. O esforzo investidor sinala que a parte gastada, é dicir, o investimento pasou do 54,21 de 2003 ao 47,89 en 2004 e ao 42,87 en 2005. Estes indicadores volven sinalar o mesmo, que se reduciu o investimento por habitante un 32%. Se este é o novo modelo de xestión que propugnan e que sinalan que necesitaban os concellos da provincia, se isto vai seguir así, temos que pórllle un parche, diríamos que estamos aviados.

Á vista disto, Sres. deputados do grupo de goberno, Sras. deputadas, nós temos que seguir animándoos, temos que seguir colaborando con vostedes, temos que ofrecerlle toda a axuda que queiran, pero temos que dicirle que necesitan mellorar. En todo caso, son as contas do seu Orzamento, e son as contas dun goberno lexítimo, polo tanto, vostedes teñen que defendelas perante nós e diante dos cidadáns, e por iso nós non imos interceder, nin intervir coa nosa votación e nós ímonos abster, coa confianza, segura, ademais, de que neste vindeiro ano electoral exista a posibilidade de que aínda sexamos nós os que pechemos definitivamente esta Conta desde o goberno desta institución. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Bello Costa

Gacias, Sr. López Crespo, polos seus ánimos. Sr. Lagares, ten vostede tempo ilimitado para responder.

Sr. Lagares Pérez

Grazas, Sr. presidente pola súa xenerosidade e, como non, agradecer a intervención do voceiro do Grupo Popular, o agradecemento pola súa exposición, onde indubidablemente hai cousas que non compartimos, aínda que si respectamos eses datos que nos dá dos índices da provincia, porque realmente as contas ben feitas que fan os técnicos desta casa, fanas sobre determinados parámetros económicos, e fanas sobre as obrigas recoñecidas, non sobre o gasto comprometido, que entón serían completamente distintas. Indubidablemente, agradecerlle o ton moderado da súa intervención e facer unhas pequenas matizacións, sen ánimos de aburrir ás Sras. e Sres. deputados.

É evidente que cando falamos dun orzamento inicial, dun orzamento preventivo, non estamos a falar de algo cerrado, de algo estático, estamos a falar de algo dinámico e de algo cambiante, eu sempre digo que o debate real dunha institución é a Conta Xeral, non é o orzamento inicial, este é o auténtico debate, este é o auténtico debate económico. Un debate onde, neste ano concretamente, como dicía na miña primeira intervención, na análise, estamos diante do orzamento máis elevado desta institución, e que unha parte non dá tempo materialmente a xestionala. O Concello de Outes, por pór un exemplo, ou o de Betanzos, aínda non certificamos o Plan de infraestruturas locais, polo tanto iso a quen hai que achacalo, á deputación?, aos

concellos?, ou a ninguén?, iso queda aí a pregunta no aire. Por que esta tardanza?, porque o PIL aprobámolo no mes de decembro, e non dá tempo material, estaremos a adxudicar agora nos concellos as obras, estaremos finalizando a adxudicación, algúns estarán xa certificando, os pagamentos a 31 de decembro son 0 euros, por un montante de 17,5 millóns de euros, isto está claro.

Falaba das modificacións orzamentarias. Esta é unha práctica que se fai nas institucións locais e tamén noutras institucións que non son locais. Concretamente os expedientes de modificación de crédito que viñeron ao Pleno foron un total de 3, e 24 de Presidencia, distribuídos en distintos aspectos, sendo a primeira e importante a incorporación de remanentes, para evitar que determinadas economías, que non foron gastadas no exercicio anterior, ou anteriores, se perdan, entón faino o presidente, incorporan uns remanentes, e entón vén a liquidación orzamentaria, pero de todas as formas o orzamento sempre é realista, é austero se se baixa o gasto corrente e se aumenta o investimento, e eu aquí si que quero dar uns datos.

En relación ao gasto corrente, vostedes cando gobernaban facían un orzamento que facían unhas pequenas trampas orzamentarias. No capítulo II, como ben saben todos, aparece o capítulo de mantemento e conservación de estradas, que facían vostedes?, púñano baixo para que ese gasto corrente, chegar aquí ao Pleno e dicir, “miren, o noso gasto corrente mantense”, ben, voulle dar un dato, ano 2003, ao que se refería vostede, conservación de estradas, goberno do Partido Popular, 4.400.000 euros; ano 2005, goberno progresista, 6.000.000 de euros, un incremento do 26,67%, o cal isto é significativo, é significativo porque isto vai ao capítulo II. Sempre houbo un debate a nivel político, e a nivel de técnicos, se realmente isto ten que estar no capítulo II, no gasto corrente, se non ten que estar realmente en aspectos de investimento, pero é que así se fan os proxectos de conservación de estradas, e no seu momento se están a facer, non se suplementan como facían vostedes entón ao longo do exercicio, iso é a trampa orzamentaria para ter equilibrado o gasto corrente. Nós diciámolo na oposición, e por coherencia facémolo no goberno, que o gasto corrente no capítulo de estradas, sempre vai ter un tratamento especial, porque os 2.200 quilómetros de estradas provinciais merecen un tratamento e unha atención debida e adecuada. Porén, a comparativa do gasto corrente efectivo, real, non das operacións correntes, porque iso, aí posiblemente fixo unha mestura, aí está o capítulo IV, que son transferencias correntes a concellos e a institucións, e que forman parte das operacións correntes, pero eu estou a falar do capítulo II, que é o gasto corrente, a luz, o gasóleo, a conservación de estradas e outros, infinitamente máis baixo, máis baixo mesmo que o IPC, e aí é onde vostede dicía que nós cualificabamos iso de austero, aí está a austeridade, aí está a austeridade do Orzamento 2005 que leva a efecto este equipo de goberno.

Tamén unha preocupación do Partido Popular era, e vexo que segue sendo, as subvencións nominativas, eu non lle tería medo ao exceso das subvencións nominativas. Coincido con vostede, no Orzamento de 2003, gobernando o Partido Popular, 35 subvencións nominativas; no Orzamento inicial, goberno progresista de coalición, 68 subvencións nominativas. Pero eu quero chamar a atención tamén que

estas subvencións nominativas, mire vostede se hai algún reparo da Intervención a estas, así como se presentan reparos, loxicamente, a outras subvencións, non en cantidade, porque me parece que nos reparos hai dous mandamentos de pagamento efectuados, e queda o resto aínda sen aboar, para corrixir debidamente estes reparos nos servizos, por mor dos informes dos técnicos correspondentes. Pero eu aquí quero dicir que non lle debemos ter medo ás subvencións nominativas, que facemos?, suprimimos as subvencións solidarias aos nosos compañeiros do outro lado do mar? aos centros que están a pasar unha crise económica e moitas veces social e de medicamentos e que estamos a levar unhas pequenas economías, que saben todos os deputados e as deputadas que isto é así, porque vimos de estar, ou veñen de estar os nosos representantes en Centros de Emigración. É que suspendemos a achega ás Federacións Galegas de Municipios e Provincias ou á FEGAMP?, é que suspendemos o apoio á Fundación Fernández Latorre?, lamento que non estea presente o Sr. Campo, ou o Festival Celta de Ortigueira, que tamén é unha subvención nominativa, ou á CIEC de Betanzos, que está a facer cursos de gravado e informacións didácticas para nenos de escola, ou eliminamos o Padroado do Museo do Pobo Galego, deixamos de participar co Museo Galego?, ou eliminamos as actividades do Auditorio de Galicia do Concello de Santiago, estou a citar algunhas por dicir, é dicir, temos que mirar realmente os contidos das subvencións nominativas, ver se estas subvencións nominativas cumpren cos requisitos debidos, e non lle teñamos medo ás subvencións nominativas, non lle teñamos medo. Concretamente en 2005 aparecen subvencións nominativas de tipo deportivo, como ao Hoquei Club Liceo, ao Club Instituto Rosalía de Castro, ao Club de Baloncesto Galicia, etc., unha serie de subvencións nominativas que houbo que achegar por distintas peculiaridades de anteriores gobernos do Partido Popular, e que houbo que corrixir, imos suprimilas?, imos deixar o Liceo sen a súa subvención?, imos deixar a Autos Lobelle, que está a facer unha excelente campaña en fútbol sala, ou ao Loureiro, que está a facer unha excelente campaña de fútbol sala sen esa subvención nominativa?, houbo que polas, pero vostede verá que no exercicio 2006, estas subvencións nominativas en materia deportiva desaparecen todas, porque se corrixiu ese desfacemento, e aparece nas subvencións xerais. Polo tanto, son 68 subvencións, evidentemente, máis algunhas que se incorporaron, como ben dicía vostede, dos distintos expedientes de modificación. Eu non me metería a cuestionar as subvencións nominativas, sinceramente, desde os bancos da oposición, cando éramos oposición, e eu facía o debate a nivel económico, non faciamos ese debate das subvencións nominativas, non nos imos meter co mellor Festival que hai do mundo celta, que se celebra en Ortigueira, co Comité Anti-Sida Casco, co Arcebispado de Santiago de Compostela para a catalogación de arquivos parroquiais, e que se segue subvencionando, porque é un documento de cultura importante, na Fundación Paideia, na Asociación Down Compostela, no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. Eu creo que debemos ter, e por certo agradecíalle, e agradézolle, Sr. López Crespo, o ton da súa intervención, que é un ton construtivo, como era o do seu anterior voceiro, pero que indubidablemente, respecto a dar notas, eu creo que igual unha nota máis alta merecíamos, porque a execución orzamentaria do gasto comprometido é o 73,09%, e os gastos autorizados están no 78,59%, e non son números que me estou a inventar eu, son números sacados dos informes dos técnicos e dos informes que aparecen.

Polo tanto, e xa vou acabando, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, efectivamente, non se puideron alcanzar os obxectivos previstos, o obxectivo previsto sempre é o cen por cento, pero a realidade é outra, porque a xestión, moitas veces, non depende directamente desta institución, depende de organismos, por exemplo, existen obras que necesitan autorizacións de Augas, de Patrimonio, de Renfe, e doutros organismos que tardan en dar eses informes. Hoxe chamábame un alcalde e preguntábame por unha obra, e dicíalle eu “mira, falta o informe de Patrimonio, non podemos comezar esa vía provincial, que nos falta un informe de Patrimonio”, é concretamente o Concello de Bergondo, por unha tal Vila Xulia, que está catalogada, e entón hai que diversificalo en dúas fases, até Vila Xulia nunha primeira fase, e entón amañar o tema de Patrimonio, que está pactado máis ou menos, que o fixemos directamente os técnicos e eu, e que se vai levar a efecto, hai uns obstáculos nos camiños, que coñecemos todos os que estamos na vida municipal, e na vida provincial é exactamente igual, porque a deputación é o concello de concellos.

Xestión boa, aínda que mellorábel, todos os días traballando e preocupándose polos cidadáns da provincia, cónstame que a oposición tamén se preocupa, facendo a súa misión, a oposición ten que facer a súa misión de control, que fixeron aquí vostedes de forma acertada, eu o que lamento é que ese voto se quede en abstención e que non sexa favorábel, de todas as formas agradézolle a súa achega, e teremos en conta, de cara ao Orzamento 2007, que xa lles adianto que xa está en marcha, que teñamos aí o seu voto favorábel. Moitas grazas.

Sr. Bello Costa

Sr. López Crespo, ten vostede tamén tempo ilimitado para responderlle ao Sr. Lagares, pero quería un breve comentario sobre un cualificativo que aplicou o Sr. Lagares en nome do goberno, e que vostede non debe de responder, porque el falou de trampas orzamentarias. Onde el di trampas orzamentarias, hai que recoñecer unha lúcida enxeñaría financeira.

Sr. López Crespo

Grazas pola corrección, nunca lle vou perdoar, Sr. presidente, a falta de sectarismo neste caso, que me dea tempo ilimitado como ao goberno afundiame na miseria, prefería que me dixese “ten vostede só tres minutos”, pero voullo perdoar pola corrección que lle fixo ao voceiro do grupo de goberno.

Eu despistábame e deixaba sen lle agradecer aos técnicos, eu agradézolle aos técnicos toda a documentación que nos pasaron ordenada, sintética, e que todos podemos entender. Desde a oposición, por suposto, é moito máis doado agradecerlle aos técnicos, é moito máis doado. Xa quería eu ao eficaz e capaz interventor do Concello de Outes poder agradecerlle así o seu traballo, pero ben, en vía de tirar cara a

legalidade, dificultanos un pouco as cousas no atropelo do exercicio diario da política local.

Só un dato, Sr. Lagares, unha pequena consideración, a min encántame que fale de cando era o goberno do PP, e despois o goberno progresista, eu voume permitir dicir agora é o goberno do PSOE e BNG, e antes o goberno galeguista-reformista, é dicir, é algo do que eu me sinto, e evidentemente, aínda que baixo as siglas do PP, e co amparo da gaivota, o que é despois ese binomio que levamos moitos dentro, e no Partido Popular todos, do galeguismo-reformismo, que non é en contraposición ao progresismo, é complementario e para que todos os galegos nos sintamos integrados nesas ideas das cúpulas político-partidarias.

Nós non lle temos medo ás subvencións nominativas, Deus nos libre, non só non llo temos, senón que as utilizabamos. Só hai unha discrepancia, que estamos diametralmente opostos á súa opinión, vostedes criticábanos, e moi duramente, neste Pleno, as subvencións nominativas, concretamente o Festival do Mundo Celta foi criticado aquí, e eu aproveitarei para recoller as actas que quedan aí para os historiadores, neste caso para lembrar o recordo daquel pasado, foron moi criticadas, mesmo foron criticadas cunha certa malicia na exposición, que era a afinidade política entre o Concello de Ortigueira e o grupo de goberno naquel momento na deputación. Alégranos, porén, que sexan vostedes os que cambiaron a forma de pensar e que recorresen tamén ás subvencións nominativas, o que pasa é que o que nos sorprende a nós é o que nós lles criticamos para que o corrigan, non para que o corrigan, de feito xa din que o van corraxir, xa o corruxiron en parte e vano corruxir máis, é a excesiva cantidade delas.

E entón, na súa exposición, dicirlle, antes funlle claro, díxenlle, vostede non di medias verdades, co cal, despois non terá que volver a mentir na segunda media verdade, agora non di medias verdades, pero de 121 subvencións nominativas, só di o nome de 15, sutil presentación, pero claro, eu, por favor, aínda que lle dea tempo ilimitado o presidente, non diga as outras 121, non as dea, seguro que nós non lle imos condenar ningunha, e dicimos que todas son maravillosas polos obxectivos que teñen nos seus estatutos as asociacións ás que van, encantados, pero dicirlle que só dixo 15, non serían escollidas, pero ben, tamén eran significativas para o desenvolvemento da cultura e do bo traballo que fan no estranxeiro, que eu mesmo podo recoñecer, e que lles fai falta esa axuda e moita máis. Pero seguro que se se recorre aos técnicos dinlle de figuras legais que hai para poder chegar a darlle subvencións e medios materiais en forma de diñeiro doutras maneiras, ao mellor, máis transparentes, ou máis doados de controlar polos órganos de control, neste caso polo Pleno.

Respecto xa aos temas máis ortodoxos e puros do que é a Conta Xeral, dicir que a execución orzamentaria se mide por obrigas, tanto pagadas como pendentes de pagamento, e o resto das fases son fases contábeis, e mesmo se pode pór algunha fase anterior á fase D, que é a fase A, e se vostede fai iso todo en fase A, desde o momento

que aproba o orzamento, execución cen por cento, non, hai que ter en conta que iso as fases de compromiso son as que hai que ter en conta.

Non obstante, se analizamos o argumento que vostede di, para defender o bo grao de execución e presentando como logros alcanzados anteriores niveis de compromiso, hai que lembrarlle algúns datos do exercicio 2003 para que quede claro que a cifra efectuada sobre o baixo nivel de execución, por suposto, non está rebatida no seu argumento, voullo dicir. Total compromiso, fase D, alcanzada en 2005, 232 millóns de euros, sendo, como vostede moi ben di, o orzamento maior desta deputación, 232,7 millóns de euros, que representan, e vostede deu o dato, o 73,09%, pois total compromiso fase D alcanzado no exercicio 2003, 244,2 millóns de euros, que representa o 87,57%, é dicir, estes datos son irrefutábeis, vostede mesmo recoñecía o 73,09 no ano 2005, é dicir, que as cifras absolutas se comprometeron doce millóns de euros menos en euros constantes, se o facemos en termos relativos, vostedes comprometido 43 millóns de euros menos que en 2003.

Por iso, Sr. Lagares, Sras. deputadas e deputados do grupo de goberno, nós, seguindo coa benevolencia e co ton que nos caracteriza, pedímoslles que melloren o nivel da xestión, pedímoslles que o orzamento do 2007 sexa máis real, procuren establecer mecanismos de control desas variábeis intervenientes que, ás veces, non teñen nada que ver coa vontade do político que executa a acción de goberno, e procuren que, para beneficio dos cidadáns, para beneficio dos concellos, principais destinatarios da xestión desta deputación, no ano 2007 se aproxime máis o orzado ao que se puido gastar. Nada máis, moitas grazas e o noso voto continúa sendo de cariñosa abstención.

Sr. Lagares Pérez

Brevisamente, laio que o seu voto sexa de abstención en nome do seu grupo, e que non lograrse convencelo de que fose afirmativo. Quero dicirlle unha cousa, porque é importante que se saiba. O gasto comprometido do 73,09%, do total do orzamento consolidado a 31 de decembro, que supuña algo máis de 318 millóns, 318 millóns e medio, moi preto diso. Pero xa na incorporación de remanentes, no primeiro expediente feito pola Presidencia, incorpóranse a remanentes do exercicio anterior para o gasto, se non, quedaríamos os concellos sen os investimentos do PIL, e as grandes cidades sen catro millóns de euros, quero dicirlle que esta dinámica, por iso non lle falaba de feitos cerrados. A economía provincial, os orzamentos, son dinámicos, e moitas veces son plurianuais, por exemplo o Plan de piscinas climatizadas faise en 2005 e en 2006, e aparece no orzamento deste ano, como aparece recollido no orzamento anterior. Podemos ter diverxencias, pero o que temos que ter moi claro son os conceptos económicos, o que é o gasto comprometido, e o que é incorporación de certos remanentes económicos que hai cero por cento de xestión no exercicio anterior, por iso ese gasto non se pode comprometer. Entón, na incorporación de remanentes que están a disposición dos distintos grupos, teñen vostedes unha boa fonte de información para ver esas economías como están e como van resultar.

E en relación ao orzamento do ano 2007, estamos abertos ás achegas que queiran facer os distintos grupos e, por suposto, o Grupo Popular. Grazas e nada máis.

VOTACIÓN

Votan a favor: 15 deputados (10 do PSOE e 5 do BNG)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 14 deputados (PP)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar a Conta Xeral da Excm. Deputación provincial correspondente ao exercicio económico de 2005, unha vez cumpridos os trámites dispostos no art. 212 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, sen que se presentaran reparos ou observacións á devandita.

2º.- Renderlle ao Consello de Contas a dita conta unha vez aprobada definitivamente.”

(Abandona o salón a Sra. Vázquez Veras.)

6.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “INSTALACIÓNS SOLARES FOTOVOLTAICAS CON CONEXIÓN Á REDE E INSTALACIÓNS SOLARES TÉRMICAS EN 11 CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA”, INCLUÍDA NO PROGRAMA DE PROXECTOS SINGULARES, ANUALIDADE 2005. CÓDIGO 05.2700.0001.0

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra “**Instalacións solares fotovoltaicas con conexión á rede e instalacións solares térmicas en 11 concellos da provincia da Coruña**” dos concellos que deseguido se relacionan, incluída no Programa de proxectos singulares anualidade 2005 (código 05.2700.0001.0), que non representan unha variación no orzamento total, nin varía a finalidade ou o obxecto das obras pero si implica a relocalización de determinadas instalacións e representa a substitución de unidades que afectan a máis dun 30% do prezo primitivo do contrato, con exclusión do IVE.”

Denominación	Ámbito territorial		Orzamento	MAP 50%	Deputación 50%
Instalacións solares fotovoltaicas con conexión á rede e instalacións solares térmicas en 11 concellos da provincia da Coruña	ARES CABANAS A CAPELA FENE MONFERO MUGARDOS	NEDA PONTEDEUME AS PONTES SAN SADURNIÑO AS SOMOZAS	1.113.004,60	556.502,30	556.502,30

7.- PROPOSTA DO PRESIDENTE VERBO DAS ACTUACIÓNS DO CONCELLO DE MUROS EN RELACIÓN Á OBRA “URBANIZACIÓN DE SOBORRIBAS 1ª FASE”, INCLUÍDA NO PLAN DE INVESTIMENTOS LOCAIS 2005.

INTERVENCIONS

Sr. Nogueira Fernández

É unha autoemenda ao ditame da Comisión que foi aprobado, fora reservado o voto por parte do Grupo Popular, e fora votado polos Grupos Socialista e Bloque Nacionalista. A emenda di, no punto 2, que substitúe, estaba redactado “Validar as actuacións realizadas polo concello, relativas á adxudicación da obra”, pasaría a figurar “Confirmar o financiamento da obra adxudicada polo concello con cargo ao PIL”, ese sería o contido da emenda e, polo tanto, da resolución que se propón para a súa aprobación como ditame da Comisión de Plans Especiais. O punto primeiro quedaría tal como estaba, que figura que é “Ratificar a inclusión da obra “Urbanización de Soborribas, 1ª fase do Concello de Muros”, dentro do Plan de investimentos locais de 2005”, isto é a emenda.

Sr. López Crespo

Facemos a aclaración previa de que Deus nos libre a este grupo de pór en dúbida a autonomía municipal, Deus nos libre!, é dicir, que en ningún caso, pero tamén chamamos a atención, e por iso parécenos moi propicia e oportuna a corrección no texto, desde esta Corporación nin validar, nin invalidar, as actuacións dos concellos, é dicir, que nin nos metemos na autonomía, pero tampouco, cremos que sería excesivo validar ou invalidar, por iso o cambio de texto parécenos oportuno e ímolo votar que si, o que si facemos é unha reflexión en voz alta e unha petición, que aquí si que se manifestou un grao de benevolencia neste Pleno ao probalo, creo que algúns outros actores da xestión pública tiveron grao de benevolencia e interpretación, dentro do escrúpulo que é habitual, cunha certa lasitude no rigor. Eu quería que isto se fíxese extensivo a outras situacións que se poidan producir, é dicir, que non estamos libres de

que por unha razón ou outra, inexperiencia, problemas administrativos e burocráticos na tramitación, algúns concellos ás veces sabemos que tiveron problemas para facer xustificacións en prazo, algunhas asociacións, que casos coma estes, desta singularidade, se lle dea o mesmo tratamento, en canto a tempo, que se lle dedique todo o tempo que se poida, e que se sexa todo o benévolo que se poida para que as persoas, institucións, ou concellos, ou asociacións, poidan beneficiarse. Nunha palabra, que aquí sabemos que esta deputación, exemplar na burocracia das deputacións de España, exemplar polo rigor e pola eficacia, que esta singularidade, se é necesario a faga, e que unha asociación X non quede sen cobrar unha subvención porque a xustificou o día seguinte de rematar o prazo, porque ao mellor o presidente, ou bonhomía da persoa que leva a administración da asociación, tivo o día anterior un mal día, ou un cólico, ou o que for.

Por iso, que esta benevolencia, repito, que se estenda cando sexa necesario, con casos singulares, que non se xeneralice. Nada máis, reiteramos a autonomía dos concellos.

Sr. Bello Costa

Grazas, Sr. López Crespo. Haberá que xustificar o cólico, pero en todo caso o Sr. Nogueira pide a palabra.

Sr. Nogueira Fernández

Nada máis que agradecer ao Grupo Popular o seu voto afirmativo e manifestar que eu creo que, tanto esta Corporación, este grupo de goberno, como o anterior grupo de goberno, sempre eran benevolentes cos concellos, e eu creo que sempre foron comprensivos, sempre que as irregularidades fosen legalizadas. Neste caso, tanto os servizos xurídicos como os servizos económicos da deputación informaron favorablemente que estes puntos que incumpriron, rozaron as normas que fixara a deputación, son salvábeis, e por iso tráense. Pero iso tamén son casos anteriores, polo anterior equipo de goberno da deputación, tamén se trouxeron, é dicir, sempre que sexan salvábeis eu non dubido de que esta deputación, como casa de todos os concellos, todos os casos que se poidan salvar, e como exemplo de boa administración que ten esta deputación, e esta fama, sempre se tentou axudar, non só aos concellos, senón a todas as entidades, sempre que as irregularidades ou as faltas que cometían se puidesen emendar. Nada máis.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión, coa emenda:

“1º.- Ratificar a inclusión da obra “Urbanización de Soborribas 1ª fase” do Concello de Muros dentro do Plan de investimentos locais 2005.

2º.- Confirmar a financiación da obra adxudicada polo concello con cargo o PIL.”

8.- APROBACIÓN DA RECTIFICACIÓN ANUAL DO INVENTARIO DE BENS DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

INTERVENCIÓNS

Sr. López Crespo

Para dicir que desde o punto 8 até o 20 inclusive, aprobámoslos todos, porque son actuacións que, ou ben veñen de atrás, ou son de tramitación ordinaria, co cal non consideramos que sexa necesario nin o debate, nin a votación, repito, deste, até o 20 inclusive, aprobámoslos todos.

ACORDO

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a rectificación anual do Inventario de Bens da Excma. Deputación Provincial da Coruña correspondente ao período 1 de xaneiro de 2005 a 31 de decembro de 2005.”

(Entra no salón a Sra. Vázquez Veras).

9.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN POR MUTUO ACORDO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA A SUBVENCIÓN DA PEAXE DA BARCALA, DA AUTOESTRADA AP-9 E DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, A CONSELLARÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA DA XUNTA DE GALICIA E A ENTIDADE CAIXA GALICIA, PARA A POSTA EN FUNCIONAMENTO DUNHA TARXETA PARA A SUBVENCIÓN DA PEAXE NO TRAMO A CORUÑA-A BARCALA DA AUTOESTRADA AP-9.

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Aprobar a resolución por mutuo acordo dos convenios subscritos con data do 20 de decembro de 2002 entre a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña para a subvención da peaxe da Barcala, da autoestrada AP-9, e con data do 24 de marzo de 2003 entre a Deputación Provincial da Coruña, a Consellaría de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia e a entidade Caixa Galicia, para a posta

en funcionamento dunha tarxeta para a subvención da peaxe no tramo A Coruña - A Barcala da autoestrada AP-9, por aprobarse a supresión da peaxe e sendo, xa que logo, de utilización gratuíta para os usuarios (Real decreto 633/2006 do 19 de maio, publicado no BOE nº 120 do 20 de maio de 2006).

2º) Facultar ao presidente para a execución do presente acordo e para a liquidación definitiva dos citados convenios.”

10.- APROBACIÓN TÉCNICA DOS PROXECTOS QUE INTEGRAN A NOVENA RELACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008, DE ACORDO CO PROGRAMA DE INVESTIMENTOS DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008 OBRA “AMPLIACIÓN E MELLORA DA EP 2502 DESDE O P.K. 3+000 AO 9+800 DE VALDOVIÑO A CERDIDO E VARIANTE DAS FORCADAS (VALDOVIÑO)” E SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN A QUE DEA LUGAR A REALIZACIÓN DAS OBRAS.

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Incluir o proxecto AMPLIACION E MELLORA DA EP 2502 DESDE O P.K. 3+000 AO 9+800 DE VALDOVIÑO A CERDIDO E VARIANTE DAS FORCADAS (VALDOVIÑO)” no PROGRAMA DE INVESTIMENTOS DE VIAS PROVINCIAIS 2006-2008, como complemento ao acordo do Pleno do 30 de xuño de 2005.

TITULO DO PROXECTO	ORZAMENTO DA OBRA	ORZAMENTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN (PREVISIÓN PARA EXPROPIACIÓNS)
AMPLIACIÓN E MELLORA DA EP 2502 DESDE O P.K. 3+000 AO 9+800 DE VALDOVIÑO A CERDIDO E VARIANTE DAS FORCADAS (VALDOVIÑO)	1.773.792,78	264.905,55
TOTAL	1.773.792,78	264.905,55

2.- Aprobar tecnicamente o citado proxecto que integrará a novena relación do Plan de vías provinciais 2006-2008. A citada aprobación condicionarase á existencia de crédito adecuado e suficiente na anualidade e a súa aprobación definitiva.

3.- Expor ao público o referido proxecto (integrado na NOVENA RELACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008) mediante o anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.

4.-Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellaría da Presidencia e con base nos informes que constan no expediente, tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das citadas obras, tales como que:

TITULO DO PROXECTO	RAZÓNS QUE MOTIVAN A URXENTE OCUPACIÓN
<p>AMPLIACIÓN E MELLORA DA EP 2502 DESDE O P.K. 3+000 AO 9+800 DE VALDOVIÑO A CERDIDO E VARIANTE DAS FORCADAS (VALDOVIÑO)</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Na actualidade a estrada que vai desde Valdoviño a Cerdido presenta unhas dimensións reducidas, cun firme en mal estado e nalgúns zonas de trazado as curvas teñen un radio moi pequeno. Preténdese mellorar a comunicación entre os correspondentes núcleos. - Contémplase a actuación nunha lonxitude de 6495 metros, tendo a súa orixe no lugar do Portodoso e discorre por núcleos rurais de Vilaboi, Loira, Os Martices, Campo e Loira Vella entre outros, bordeando o encoro das Forcadas. - Contémplase un trazado en variante partindo do PK 8 680 e cruzando o encoro das Forcadas polo trazado existente, cunha rotonda na orixe, outra intermedia no PK 0 700 e outra antes do final do tramo PK 1 820. A lonxitude da variante é de 1902 metros. - Proxéctase unha travesía no núcleo de Vilaboa do PK 1 200 ao 1 902 como seguridade viaria, con saneamento, beirarrúas, aparcadoiro e firme de aglomerado. - A sección tipo adoptada consiste en dúas calzadas de 3,50 metros cada unha, dúas beiravías de 1 metro, polo que totaliza un ancho de plataforma de 9 metros. No tramo de travesía son dúas calzadas de 3,50, aparcadoiros de 2,50 e beirarrúas de 2 metros cun ancho total de 16 metros. - O ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, é bastante escaso, cunha calzada arredor dos 5 metros, sen liñas horizontais nin separación de carrís. Proxéctase un ancho de dous carrís de 3,5 metros, beiravías de 1 metro e foxos de 1 metro de ancho. - A estrada discorre por zonas marcadamente rurais. Débese ter en conta que discorre por zonas onde se realizou a concentración parcelaria polo que hai moitas interseccións, actuando como vía colectora que comunica coas pistas de concentración ás aldeas da contorna e ás diferentes explotacións gandeiras. A existencia de camiños e estradas que acceden con interseccións mal acondicionadas e perigosas. Acondicionaranse co fin de dotalas de maior visibilidade. - Co novo trazado preténdese proporcionar maior seguridade aos peóns á hora de circular pola estrada e permitir o estacionamento circunstancial de vehículos, todo iso tendo en conta que a estrada transcorre por zonas poboadas e con accesos por ambas bandas ás pistas de parcelaria e ás explotacións gandeiras. - A intensidade media do tráfico que aumentou nos últimos anos - Proporcionar maior seguridade aos peóns á hora de circular pola estrada e permitir o estacionamento circunstancial de vehículos

Todo isto co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana mellorar a seguridade viaria.

5.- Someter a información pública os referidos expedientes de expropiación mediante a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia cun prazo de quince días para reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producen.”

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006, 3ª FASE.

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1) Aprobar o Plan de conservación de vías provinciais 2006, 3ª fase, integrado polos proxectos que deseguido se relacionan e tomar en consideración os proxectos incluídos nel, cun orzamento total de 1.150.884,63.- euros, con cargo á partida 0401/511B/210.01:

CODIGO	DENOMINACION	ORZAMENTO
06.1100.0034.0	RENOVACION DA CAPA DE RODADURA CON LECHADAS BETUMINOSAS EN ESTRADAS PROVINCIAIS ZONA A	270.127,84
06.1100.0035.0	RENOVACION DA CAPA DE RODADURA EN VIAS PROVINCIAIS DA ZONA B	270.000,00
06.1100.0036.0	RENOVACION DA CAPA DE RODADURA CON MESTURA ASFÁLTICA EN QUENTE (MAC) EN ESTRADAS PROVINCIAIS ZONA C	270.000,00
06.1100.0037.0	MELLORA DA CAPA DE RODADURA CON LECHADA BETUMINOSA NA ZONA D	270.000,00
06.1100.0038.0	SEGURIDADE VIARIA EN ESTRADAS PROVINCIAIS ZONA C	70.756,79
TOTAL.....		1.150.884,63

2) Expor ao público os proxectos mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.”

12.- DEIXAR SEN EFECTO O ACORDO PLENARIO DO 29-9-2005 RELATIVO Á EXECUCIÓN DA OBRA SEGURIDADE VIARIA ENTRE O P.K. 4,000 AO 5,000 DA EP 3607 BALÓN A SAN XURXO (FERROL), INCLUÍDA NA SEGUNDA RELACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008.

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Deixar sen efecto o acordo plenario do 29-9-2005 polo que se aprobaron os proxectos incluídos no Plan SEGUNDA RELACION DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008, no que se inclúe o proxecto de execución de obras SEGURIDADE VIARIA ENTRE O PK 4,000 AO 5,000 DA EP 3607 BALON A SAN XURXO (FERROL), toda vez que se terá que modificar o citado proxecto para axustalo ao Plan de ordenación do Concello de Ferrol.

2.- Así mesmo, deixar sen efecto o acordo do Pleno do 29-9-2005 polo que se aprobou a solicitude á Xunta de Galicia da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras incluídas no proxecto SEGURIDADE VIARIA ENTRE O PK 4,000 AO 5,000 DA EP 3607 BALON A SAN XURXO (FERROL), publicado no BOP nº 32 do 8 de febreiro de 2006.

3.- Someter a información pública o presente acordo mediante a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia cun prazo de quince días para reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producen.”

13.- INFORME SOBRE A DECISIÓN DO PREMIO “OTERO PEDRAYO 2006”.

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“O Pleno queda informado da concesión do premio “Otero Pedrayo 2006” que o Xurado concedeu, por unanimidade, á Real Academia Galega e ao Laboratorio de Formas.”

14.- MODIFICACIÓNS DAS ESPECIFICACIÓNS DO PLAN DE PENSÍONS DO PERSOAL DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“ Apróbase a modificación das especificacións do Plan de pensións “ PERSOAL DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, PLAN DE PENSÍONS

ESPECIFICACIÓNS DO PLANS DE PENSÍONS

“PERSOAL DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, PLAN DE PENSÍONS”

ÍNDICE

I DENOMINACIÓN, MODALIDADE E ADSCRIPCIÓN

II

AMBITO PERSOAL

III

DEREITOS E OBRIGAS DO PROMOTOR, DOS PARTICIPES E DOS BENEFICIARIOS

IV

REXIME DE ACHEGAS E PRESTACIÓNS

V

ORGANIZACIÓN E CONTROL

VI

MODIFICACIÓN E LIQUIDACIÓN

“Este Plan de pensión regularase por estas especificacións, polo Texto refundido da lei de regulaci3n dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro [BOE nº 13/12/2002], polo Real decreto 304/2004, do 20 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de plans e fondos de pensións e por cantas disposicións de calquera rango que, actualmente ou no futuro, lle sexan de aplicaci3n.

ESPECIFICACI3NS DO PLAN DE PENSI3NS

“**PERSOAL DA EXCMA. DEPUTACI3N PROVINCIAL DA CORUÑA, PLAN DE PENSI3NS**”

CAPITULO I

DENOMINACI3N, MODALIDADE E ADSCRIPCI3N

Artigo 1.- Denominaci3n.

Estas especificaci3ns do Plan de pensión denominado "PERSOAL DA EXCMA. DEPUTACI3N PROVINCIAL DA CORUÑA, PLAN DE PENSI3NS", cuxo promotor 3 a EXCMA. DEPUTACI3N PROVINCIAL DA CORUÑA, regulan as relaci3ns entre o mencionado plan, o seu promotor, os seus partícipes e os seus beneficiarios, cuxa condici3n leva implícita a aceptaci3n de todas as normas nel contidas.

Artigo 2.- Modalidade.

Este Plan de pensión configúrase como unha instituci3n de previsi3n de carácter voluntario e libre que, en raz3n dos seus suxeitos constituíntes, se encadra na modalidade de **SISTEMA EMPREGO** e, en raz3n das obrigas estipuladas, na modalidade de **ACHEGA DEFINIDA** xa que contempla achegas definidas para as continxencias de xubilaci3n, falecemento e incapacidade .

No presente Plan de pensión establécense dous colectivos:

COLECTIVO A no que se integran todos os funcionarios de carreira e persoal laboral fixo de cadro de persoal desde o momento en que adquiren tal condici3n.

COLECTIVO B no que se integran os funcionarios de emprego (persoal eventual e interino) e persoal laboral temporal desde o momento en que adquiren tal condici3n.

Artigo 3.- Adscripci3n a un Fondo de pensións.

1. O presente Plan de pensión integrarase no Fondo de pensión CAIXA GALICIA VII, FONDO DE PENSI3NS, inscrito na Direcci3n Xeral de Seguros co nº F-1015.

2. As achegas do promotor e se 3 o caso dos partícipes integraranse inmediata e obrigatoriamente no mencionado Fondo de pensións. As ditas achegas, xunto cos seus rendementos netos e os incrementos patrimoniais que xeren, aboaranse na conta de posici3n que o plan manteña no fondo. O pagamento das prestaci3ns correspondentes, así como os gastos adicionais que se produzan, efectuarase con cargo 3 dita conta.

CAPITULO II

AMBITO PERSOAL

Artigo 4.- Suxeitos constituíntes.

Son suxeitos constituíntes deste Plan de pensións:

- a) A EXCMA. DEPUTACI3N PROVINCIAL DA CORUÑA, como promotor do plan.

b) Os partícipes, en cuxo interese se crea o plan.

Artigo 5.- Elementos Persoais.

Son elementos persoais deste Plan de pensións:

- a) Os suxeitos constituíntes.
- b) Os beneficiarios.

Artigo 6.- Partícipes.

Poderán ser partícipes do Plan de pensións o persoal do promotor pertencente a algún dos colectivos contemplados no artigo 2 destas especificacións que lle manifeste ao promotor a súa vontade de se integrar nel, desde o momento da súa constitución, e teñan capacidade de se obrigar nos termos establecidos no Texto refundido da lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2002, do 29 de novembro, e disposicións complementarias ou substitutorias, sempre e cando acepten na súa totalidade e sen limitación ningunha as especificacións deste plan e as normas de funcionamento do seu correspondente fondo.

Poderán incorporarse en calquera momento posterior aqueles que reúnan eses mesmos requisitos e lle manifesten ao promotor a súa vontade de se integrar no plan.

A incorporación ao Plan de pensións producirase mediante a subscripción individual dun boletín de adhesión a este, de acordo co modelo acordado para tal fin pola Comisión de Control do Plan de Pensións ou mediante escrito dirixido ao promotor que manifeste a súa vontade de se adherir ao plan.

Considéranse empregados do promotor, os traballadores por conta allea ou asalariados, en concreto, o persoal vinculado ao promotor por relación laboral, incluído o persoal con relación laboral de carácter especial independentemente do réxime da Seguridade Social aplicábel, así como, se é o caso, o persoal das Administracións e entes públicos promotores vinculado por relación de servizos dependente regulada en normas estatutarias ou administrativas

Artigo 7.- Partícipes en suspenso.

1. Consideraranse partícipes en suspenso aqueles que non efectúen achegas directas nin imputadas ao plan.

2. As situacións que determinarán a suspensión das achegas do promotor en favor de partícipes pertencentes ao colectivo A son as seguintes:

O promotor non realizará achegas a favor daqueles partícipes pertencentes ao colectivo A que estean nas seguintes situacións:

- Extinción da relación funcionarial ou laboral co promotor.
- Servizo noutras Administracións públicas.
- Excedencia voluntaria por:
 - Prestación de servizos no sector público.
 - Interese particular.
 - Incentivada no marco dun Plan de emprego para a redistribución de efectivos.
- Suspensión de funcións, tanto provisional como firme, como consecuencia de condena criminal ou sanción disciplinaria. No caso en que se desestime a suspensión de funcións, o promotor rehabilitará as achegas do partícipe, con efectos retroactivos ao momento da suspensión.

3. Non se suspenderán as achegas do promotor en favor de partícipes pertencentes ao colectivo A nas seguintes situacións:

- Servizos especiais.
- Servizo activo.
- Espectativa de destino.
- Excedencia forzosa.
- Excedencia por coidado de fillos (incluído por acollemento).

4. Ningún dos supostos de permisos, licenzas nin vacacións suspenderán tampouco as achegas do promotor en favor de partícipes pertencentes ao colectivo A.

5. No caso de que o promotor non realice achegas a favor dun partícipe pertencente ao colectivo A por se encontrar nalguna das situacións recollidas no apartado 2) deste artigo, a dito partícipe suspenderánselle de forma automática as achegas de carácter voluntario que se lle descontan en nómina pero poderá seguir efectuando achegas voluntarias a través do cargo en conta.

Só no caso de que non realice ningunha achega pasará a partícipe en suspenso.

No caso en que se rehabiliten as achegas obrigatorias do promotor a un partícipe pertencente ao colectivo A tras a súa suspensión, activaranse de forma automática as achegas de carácter voluntario a través de desconto en nómina que o partícipe establececese no seu día.

Non obstante, en caso de extinción da relación laboral co promotor o partícipe estará obrigado a mobilizar o seu dereito consolidado a outro Plan de pensións nun prazo máximo de 3 meses.

6. Os partícipes en suspenso manterán os seus dereitos no plan.

Artigo 8.- Beneficiarios.

Serán beneficiarios do plan aquelas persoas físicas que, foran ou non partícipes del, teñan dereito á percepción de prestacións.

Artigo 9.- Alta dun partícipe no plan.

1. quen se ache en condición de se acoller ao plan conforme ao disposto no artigo 6 destas especificacións, poderá exercer o seu dereito de adhesión causando alta no plan desde o momento en que lle comunique por escrito ao promotor que exercita o mencionado dereito.

As adhesións producirán efecto o día en que se realice a primeira achega (directa ou imputada) ou en que se realice un traspaso de dereitos consolidados desde outro Plan de pensións.

2. Os dereitos dos partícipes no plan considéranse desde a data efectiva da adhesión, é dicir, na data en que, tras comunicar a súa vontade de adhesión ao proxecto, se realice a primeira achega (directa ou imputada) ou se efectúe un traspaso de dereitos consolidados.

Non obstante o anterior, en relación coas achegas do promotor destinadas aos partícipes pertencentes ao colectivo A do plan (persoal funcionario de carreira e persoal laboral fixo de cadro de persoal) que se adherisen ao Plan de pensións nun momento posterior á súa constitución, a Deputación provincial non realizará achegas, por eses novos partícipes, ata o ano natural inmediato seguinte á data en que este manifeste o seu desexo de incorporación.

3. Ao partícipe expediráselle certificado acreditativo da súa pertenza e integración ao Plan de pensións. Este certificado, que expedirán conxuntamente a entidade xestora e a entidade depositaria, non será transferíbel.

Artigo 10.- Baixa dun partícipe no plan.

Os partícipes causarán baixa no plan:

a) Cando se produza algunha das continxencias previstas no plan.

b) Cando cesa definitivamente a relación funcional e laboral co promotor e traslada os seus dereitos consolidados. En tanto non se produce o dito traslado mantense de alta no plan como partícipe en suspenso.

c) Por terminación do plan transferírase os seus dereitos consolidados a outro Plan de pensións.

d) Cando, nos supostos de enfermidade grave e desemprego de longa duración regulados no Regulamento de plans e fondos de pensións, a totalidade do dereito consolidado se faga efectivo ao partícipe.

Artigo 11.- Alta dun beneficiario no plan.

Adquirirán a condición de beneficiarios:

a) Os partícipes que exerzan o dereito de percibir a prestación que lles corresponda por algunha das seguintes continxencias:

- xubilación.

- Incapacidade : incapacidade permanente total para a profesión habitual, incapacidade permanente absoluta para todo traballo ou gran invalidez, determinadas conforme ao réxime correspondente da Seguridade Social.

b) As persoas físicas que exerzan o dereito de percibir prestacións de viuvez, orfandade ou en favor doutros herdeiros ou persoas designadas por falecemento dun partícipe, segundo a última designación de beneficiarios efectuada por este.

A falta de designación expresa por parte do partícipe, serán beneficiarios, por orde preferente e excluínste:

1. O cónxuxe do partícipe, non separado legalmente.
2. Os fillos do partícipe por partes iguais.
3. Os pais do partícipe por partes iguais.
4. Os irmáns do partícipe por partes iguais.
5. Os herdeiros legais.

En defecto dos anteriores, o dereito económico aumentará a conta de posición do plan.

c) As persoas físicas que, por falecemento dun beneficiario, exerzan o dereito de percibir prestacións de viuvez, orfandade ou en favor doutros herdeiros ou persoas designadas cando o beneficiario falecido cobre unha modalidade de prestación reversíbel.

Artigo 12.- Baixa dun beneficiario no plan.

Os beneficiarios que cobren prestacións en forma de renda causarán baixa no plan en caso de falecemento ou cando esta se esgote no caso de rendas temporais ou cobro en forma de capital.

CAPITULO III DEREITOS E OBRIGAS DO PROMOTOR, DOS PARTICIPES E DOS BENEFICIARIOS

Artigo 13.- Dereitos do promotor.

Correspóndenlle ao promotor do plan os seguintes dereitos:

- a) Ter a súa representación na Comisión de Control do Plan de Pensións nos termos que se prevexan no capítulo V das presentes especificacións.
- b) Solicitar dos partícipes os datos persoais e familiares necesarios para determinar as súas achegas ao plan.
- c) Ser informado da evolución financeira e actuarial do Plan de pensións.
- d) Exercitar os restantes dereitos establecidos nas presentes especificacións e na lexislación vixente.

Artigo 14.- Obrigas do promotor.

Será obriga do promotor:

- a) Efectuar o desembolso das achegas imputábeis aos partícipes, dispostas nas presentes especificacións na forma, prazos e contía comprometidas.
- b) Así mesmo, deberá facilitar os datos que, sobre o persoal, se lle requiran con obxecto de realizar as correspondentes valoracións actuariais.
- c) Ademais, deberá detraer nas nóminas as achegas periódicas voluntarias que os partícipes establecesen baixo este sistema de achegas e transferilas á conta que o fondo manteña na entidade depositaria.
- d) Comunicar as altas e baixas dos partícipes e as variacións que se produzan e afecten ao funcionamento do Plan de pensións.
- e) Asumir os gastos de funcionamento imputábeis ao plan mediante o desembolso de achegas extraordinarias nas contías que correspondan.

Artículo 15 - Dereitos dos partícipes.

Son dereitos dos partícipes do plan os seguintes:

- a) A titularidade dos recursos patrimoniais nos que, a través do correspondente fondo, se materialice e se instrumente o Plan de pensións.

b) Os seus dereitos consolidados individuais constituídos pola súa cota parte do fondo de capitalización que teña o plan no Fondo de pensións correspondente. Este fondo de capitalización estará formado polas achegas e rendas xeradas polos recursos investidos menos os quebrantos e gastos que se produzan.

Os dereitos consolidados só se farán efectivos nos casos dispostos nestas especificacións para a súa integración noutro Plan de pensións, ou nos casos recollidos no apartado h) deste artigo.

c) Mobilizar a outro Plan de pensións os seus dereitos consolidados, minorados, se é o caso, nos gastos que permita a normativa vixente en cada momento, nas seguintes circunstancias:

- Por cesación definitiva da súa relación de emprego co promotor.
- Por terminación do plan.

A solicitude de mobilización deberase notificar por escrito á entidade xestora do Fondo no que estea integrado o plan, indicando o novo Plan de pensións no que se integra e acompañarase de certificación emitida pola entidade xestora do Fondo de pensións ao que pertenza este novo plan na que conste que se acepta a dita integración. Xunto coa mobilización dos recursos económicos a entidade xestora de orixe deberá trasladar á de destino toda a información relevante do partícipe, e deberalle comunicar a este o contido da dita información.

A transferencia dos dereitos consolidados do partícipe ao novo plan efectuarase nun prazo máximo dun mes ou aquel que determine a normativa vixente en cada momento, desde a recepción pola entidade xestora de toda a documentación anterior.

En caso de cesamento definitivo da relación funcional ou laboral a mobilización será obrigatoria nun prazo máximo de 3 meses. Se neste prazo o partícipe non comunicou o plan ao que se quere mobilizar, a entidade xestora, tras a comunicación e requirimento da dita entidade cunha antelación mínima de 15 días ao prazo mencionado, transvasarao ao Plan de pensións establecido na disposición adicional única destas especificacións.

d) Participar, a través da Comisión de Control do Plan, na supervisión do funcionamento e xestión deste, mediante a elección dos seus membros e, se é o caso, asumindo a condición de presidente, secretario ou vogal da dita comisión.

e) Designar beneficiarios para o caso de que se produza a continxencia de falecemento. Así mesmo poderá cambiar a dita designación mentres sexa partícipe do plan.

f) Estar informados sobre a evolución do plan. A información mínima que recibirá cada partícipe, de forma gratuíta, será:

1. Con ocasión da incorporación ao plan de pensións, o partícipe que o solicite deberá recibir un certificado de pertenza emitido pola entidade xestora.
2. Entregaráselle, se así o solicita, un exemplar das presentes especificacións como documentación acreditativa dos seus dereitos e obrigas. Se ben, estarán á súa disposición, en todo momento, na sede da entidade promotora.
3. Porase a disposición do partícipe un exemplar da declaración dos principios da política de investimento do Fondo de pensións no que estea integrado o plan, á que se poderá acceder a través da rede de oficinas da entidade depositaria ou ben na entidade xestora.
4. Anualmente, remitiráselle a cada partícipe unha certificación sobre as achegas, directas ou imputadas, realizadas en cada ano natural e o valor dos seus dereitos consolidados a 31 de decembro de cada ano.
5. Con carácter trimestral, informarase sobre a evolución e situación dos seus dereitos consolidados no plan, así como outros puntos que afecten, especialmente, modificacións normativas, cambios nas presentes especificacións, normas de funcionamento do fondo ou da súa política de investimentos, e das comisións de xestión e depósito.
6. Un caderno individualizado do Plan de pensións ou outro soporte informativo similar.

Así mesmo, porase a disposición dos partícipes a través da rede de oficinas da entidade depositaria e/ou xestora a totalidade dos gastos do Fondo na parte que se lle imputen ao plan expresados en porcentaxe sobre a conta de posición.

Así mesmo, garantirase o acceso gratuíta á información individualizada correspondente a cada partícipe sobre a evolución, situación e valoración diaria dos seus dereitos consolidados e as súas achegas ao Plan de pensións.

g) Solicitar ao Fondo no que estea integrado o seu Plan de pensións, a través da súa entidade xestora, que se fagan efectivos os seus dereitos consolidados na súa totalidade ou en parte, con carácter excepcional, nos supostos de enfermidade grave e desemprego de longa duración de acordo co establecido na lexislación vixente.

h) Realizar calquera consulta individualizada sobre o Plan e Fondo de pensións.

Artigo 16 - Obrigas dos partícipes.

Son obrigas dos partícipes:

a) Comunicarlle á entidade xestora do Fondo os datos persoais e familiares que se lle requiran para causar alta no plan e para determinar o cobro das prestacións. Así mesmo, deberá comunicar calquera modificación que se produza nos ditos datos.

b) Efectuar o desembolso das achegas voluntarias establecidas a través da modalidade de cargo en conta na forma, prazos e contía comprometidas.

c) Permitir, que o promotor detraia da súa nómina as achegas voluntarias ao Plan de pensións correspondentes, se é o caso, ao partícipe.

Artigo 17 - Dereitos dos beneficiarios.

Correspóndenlles aos beneficiarios do plan os seguintes dereitos:

a) A titularidade dos recursos patrimoniais nos que, a través do correspondente Fondo, se materialice e se instrumente o seu Plan de pensións.

b) Ter a súa representación na Comisión de Control do Plan de Pensións nos termos dispostos nas disposicións legais e o capítulo V das presentes especificacións.

c) Percibir as prestacións que lles correspondan ao producírense as continxencias establecidas no plan.

d) Recibir da entidade xestora unha certificación das prestacións cobradas, así como das retencións practicadas a conta.

e) Así mesmo, e con periodicidade anual, remitiráselle unha certificación sobre o valor dos seus dereitos económicos no plan a 31 de decembro.

f) Producida e comunicada a continxencia, o beneficiario do Plan de pensións deberá recibir información apropiada sobre a prestación e as súas posibles reversiones, sobre as opcións de cobro correspondentes, se é o caso, e respecto do grao de garantía ou do risco de conta do beneficiario. Se é o caso, entregaráse ao beneficiario do certificado de seguro ou garantía da súa prestación emitida pola entidade correspondente.

g) Con carácter trimestral, facilitarase información sobre a evolución e situación dos seus dereitos económicos no plan, así como outros puntos que afecten, especialmente, modificacións normativas, cambios nas presentes especificacións, normas de funcionamento do fondo ou da súa política de investimentos, e das comisións de xestión e depósito.

Artigo 18 - Obrigas dos beneficiarios.

Son obrigas dos beneficiarios:

a) Notificarlle á entidade xestora do Fondo en que se encontre integrado o Plan de pensións o acaecemento das continxencias que outorgan dereito ás prestacións, nun prazo máximo de 6 meses, ou outro inferior se así se establece legalmente, desde que se produza a continxencia, na se indique expresamente a forma en que desexa percibir as prestacións, salvo que a prestación estea previamente definida por se derivar do falecemento dun beneficiario de rendas actuariais con reversión.

O prazo previsto para a comunicación da continxencia computarase desde que se produza ou desde o seu recoñecemento polo organismo competente correspondente. En caso de falecemento o prazo contarase desde que o beneficiario ou o seu representante legal tivesen coñecemento da morte do causante e da súa designación como beneficiario, ou desde que poida acreditar a súa condición por disposición testamentaria ou outros medios.

De acordo co establecido no artigo 36 do Texto refundido da lei de plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro, a inobservancia por parte do

beneficiario do citado prazo máximo poderase sancionar administrativamente cunha multa que poderá alcanzar ata o 1% do valor dos dereitos económicos no plan no momento en que se poña de manifesto tal inobservancia.

b) Notificarlle á entidade xestora os datos persoais e familiares que se lle sexan requirían para xustificar o dereito á percepción das prestacións e do seu mantemento ao longo do tempo.

Artigo 19 – Protección de datos.

Para efectos do establecido na vixente normativa sobre Protección de Datos de Carácter Persoal, os partícipes e beneficiarios causados autorizan coa sinatura do correspondente Boletín de Adhesión ou Solicitud de prestación a que os seus datos persoais (mesmo os de saúde) facilitados ao promotor ou, se é o caso, á entidade xestora e/ou aseguradora, se inclúan nun ficheiro, e ao seu tratamento posterior, á ser preceptiva a súa execución para valorar e acoutar o risco e, en consecuencia, para o inicio e desenvolvemento da relación xurídica, será destinataria e responsábel do ficheiro a entidade xestora, BIA GALICIA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A., con domicilio en R/ Picavía, 8-1º esquerda-15004-A Coruña á que os partícipes e beneficiarios poderán dirixirse para exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao seu tratamento. Por último, outorgan, o seu consentimento expreso para que os ditos datos se lle comuniquen á Comisión de Control do Plan de Pensións, para os exclusivos efectos de que esta desenvolva as funcións que se lle encomendan na normativa vixente. Idéntico consentimento, e para os mesmos efectos, outorgan os partícipes e beneficiarios do Plan de pensións verbo da entidade depositaria, sen prexuízo ningún do que adicionalmente en cada momento expresen en favor da dita entidade por razón das relacións de calquera outra natureza que manteñan con esta.

CAPITULO IV REXIME DE ACHEGAS E PRESTACIÓNS

Artigo 20 – Sistema de financiamento do plan.

1. O sistema financeiro-actuarial que adoptará o presente plan será a "CAPITALIZACIÓN FINANCEIRA INDIVIDUAL".

2. O valor dos dereitos consolidados dos partícipes determínase como, a cota parte do Fondo de capitalización, constituído polas achegas definidas para xubilación, falecemento e invalidez, directas e imputadas, dos partícipes, e os rendementos netos de gastos que estes xeren. Igual definición se aplicará para os dereitos consolidados dos partícipes en suspenso.

3. O Plan de pensións non asume a cobertura de ningún risco relacionado coas prestacións previstas, nin tampouco garante un interese mínimo aos partícipes.

Cando se devenguen prestacións en forma de renda que supoña a asunción dalgún tipo de risco o plan contratará o seguro das ditas prestacións cunha entidade aseguradora, mediante a correspondente póliza, cuxo tomador será o Plan de pensións representado polo presidente da Comisión de Control.

O valor dos dereitos económicos dos beneficiarios que opten pola percepción das súas prestacións en forma de renda asegurada coincidirá co valor de provisiones matemáticas que o asegurador manteña constituídas polo beneficiario .

Artigo 21 – Achegas ao plan.

1. Unicamente poderán realizar achegas ao Plan de pensións:

- os partícipes.
- o promotor.

Estas achegas terán carácter irrevogábel desde o momento do seu pagamento.

As achegas efectuadas ao plan integraranse necesariamente na conta que o Fondo manteña na entidade depositaria á data do seu pagamento.

2. Achegas dos partícipes:

As achegas dos partícipes terán carácter voluntario e poderán ser:

a) **ACHEGA INICIAL VOLUNTARIA.** Cada partícipe, xa sexa do colectivo A ou B, fixará, de forma individual, a achega voluntaria inicial que desexe efectuar ao plan de pensións, ingresándoo, neste suposto, na forma que conveñan coa entidade xestora.

O importe desta achega será como mínimo de 60 euros.

b) **ACHEGAS PERIÓDICAS VOLUNTARIAS A TRAVÉS DE DESCONTO MENSUAL EN NÓMINA** : o partícipe, xa sexa do colectivo A ou do colectivo B, determinará de forma individual e voluntaria a achega mensual que desexe realizar ao Plan de pensións. Esta achega detraírala da nómina mensualmente o promotor, quen efectuará o seu aboamento na conta que o Fondo manteña na entidade depositaria. Para iso, con carácter anual, deberalle comunicar ao Servizo de Persoal da Deputación provincial antes do 5 de decembro de cada exercicio e con efectos do 1 de xaneiro a 31 de decembro do exercicio seguinte a contía da achega escollida.

c) **Achegas periódicas voluntarias a través de cargo en conta do partícipe titular do plan**: o partícipe, xa sexa do colectivo a ou do colectivo b, determinará de forma individual a achega que desexe realizar ao plan de pensións así como a periodicidade con que desexa efectuala (mensual, trimestral, semestral ou anual).

Esta achega, cuxo importe será como mínimo equivalente a 360 euros anuais, realizaraa directamente o partícipe a través do cargo na conta que designe (poderá ser unha conta aberta na entidade depositaria ou en calquera outra entidade financeira).

d) **Achegas extraordinarias adicionais** . Son aquelas que o partícipe, xa sexa do colectivo a ou do colectivo b, pode realizar á súa vontade, de forma única ou non, e sen necesidade de se acoller a ningunha frecuencia ou contía preestabelecida. a decisión de efectuar o pagamento de achegas extraordinarias será comunicada polo partícipe á entidade xestora do fondo mediante o correspondente boletín, e o ingreso da cantidade correspondente na conta do fondo. O importe mínimo da achega extraordinaria será de 150 euros.

3. Achegas do promotor:

O promotor contribuirá ao Plan de pensións coas seguintes achegas:

a) **ACHEGA INICIAL**: O promotor efectuará unha achega inicial correspondente ao orzamento do exercicio 2002, pola cantidade que figura na partida orzamentaria correspondente que se han distribuír a partes iguais entre todos os partícipes pertencentes ao colectivo A do plan (persoal funcionario de carreira e persoal laboral fixo de cadro de persoal) que manifestasen a súa vontade de adhesión ao plan desde a súa constitución.

b) **ACHEGAS REGULARES ANUAIS**: Para anualidades sucesivas o promotor efectuará:

b.1) Achegas anuais regulares que se han distribuír a partes iguais entre os partícipes pertencentes ao colectivo A do plan (persoal funcionario de carreira e persoal laboral fixo de cadro de persoal) que se encontren en activo a 31 de decembro do ano anterior ao exercicio correspondente. O dito pagamento farase efectivo, pola entidade promotora, dentro dos tres primeiros meses de cada exercicio.

A contía desta contribución anual regular do promotor virá determinada polo crédito consignado no orzamento do exercicio correspondente e os incrementos que mediante modificacións de crédito aprobe o órgano competente da Corporación provincial. Todo iso, sen prexuízo da revisión á alza de ditas cantidades por acordo do Pleno da Corporación ou órgano competente da Corporación provincial.

O importe inicial do crédito consignado no orzamento do exercicio correspondente destinarase á realización das achegas anteriores.

b.2) En relación cos partícipes pertencentes ao colectivo A do plan (persoal funcionario de carreira e persoal laboral fixo de cadro de persoal) que adquiran tal condición nun momento posterior á súa constitución, a Deputación provincial non realizará achegas, por eses novos partícipes, ata o ano natural inmediato seguinte á súa data de adhesión ao plan.

A Deputación provincial realizará as modificacións de crédito necesarias para a realización e pagamento das achegas anteriores, que terán carácter adicional ás indicadas no apartado b.1) anterior.

c) **ACHEGAS EXTRAORDINARIAS ADICIONAIS**: O promotor efectuará ao Plan de pensións as achegas extraordinarias mencionadas no apartado e) do artigo 14 destas especificacións ou outras que acorde o Pleno da Deputación provincial ou órgano competente da Corporación.

As achegas extraordinarias adicionais da Deputación provincial repartiranse a partes iguais entre todos os partícipes do Plan de pensións pertencentes ao colectivo A do plan (persoal funcionario de carreira e persoal laboral fixo de cadro de persoal) mencionado no artigo 2 das presentes especificacións. Non obstante, o reparto das achegas extraordinarias mencionadas no apartado e) do artigo 14 das presentes especificacións, destinadas á asunción de gastos de

funcionamento imputábeis ao plan polo promotor, efectuarase entre todos os partícipes do Plan de pensións pertencentes ao colectivo A e B do plan, en proporción á contía dos dereitos consolidados medios individualizados de cada partícipe no exercicio anterior.

A contía das achegas anuais sucesivas da Deputación provincial, mencionadas no apartado b) anterior, garantirán unha achega mínima por cada partícipe nunha contía non inferior á que resulte do reparto individual da achega inicial da Deputación provincial mencionada no apartado a) anterior.

4. O cumprimento dos anteriores compromisos de achegas por parte do promotor queda supeditado á existencia e dispoñibilidade de crédito adecuado e suficiente e á súa aprobación polo órgano competente.

No proxecto de orzamento da Deputación Provincial da Coruña figurarán os créditos necesarios para garantir o pagamento das achegas do promotor nas contías mínimas indicadas nos parágrafos anteriores.

5. Os partícipes poderán combinar, tanto ao causar alta no plan como durante a súa permanencia neste, os ditos sistemas de achegas.

6. O traspaso ao plan dos dereitos consolidados doutros Plans de pensións non ten o carácter de achega, mantendo, non obstante, a súa natureza de dereito consolidado.

Artigo 22 – Contía máxima das achegas.

1. Dentro de cada ano natural, a contía máxima das achegas ao plan tanto directas como imputadas a un partícipe non poderán exceder os límites máximos de achega establecidos, con carácter xeral e en función da idade, no Texto refundido da lei ou en disposición con rango de lei que modifique os devanditos límites.

O límite máximo legal para as achegas directas do partícipe ao plan non afecta ao traspaso de dereitos consolidados provenientes doutro Plan de pensións.

2. Se a acumulación das achegas directas ao plan realizadas polo partícipe con outras realizadas polo propio partícipe a outro ou outros plans de pensións superase o límite máximo legal para achegas directas, o partícipe terá que retirar os excesos de achegas do outro plan ou plans.

Para tal fin, o partícipe comunicarlle á entidade xestora as achegas realizadas por el a outros plans de pensións cuxa entidade xestora non sexa a mesma que a deste Fondo de pensións.

3. A entidade xestora queda autorizada a suspender para un partícipe, dentro de cada ano natural, o réxime de pagamento das achegas periódicas a vencer ou a non tramitar modificacións a este ou novas achegas extraordinarias cando co novo pagamento, xunto coas achegas xa efectuadas por el no ano natural, se supere o mencionado límite, informarase disto ao partícipe.

Artigo 23 – Modificación, suspensión e rehabilitación de achegas.

1. Modificación:

Mediante comunicación escrita dirixida á entidade xestora con quince días naturais de preaviso antes da data habitual do cargo en conta, o partícipe poderá modificar o seu sistema de achegas voluntarias a través do cargo en conta en canto a importe, periodicidade ou o seu crecemento, sen efecto retroactivo.

As achegas voluntarias establecidas a través de desconto en nómina establecidas para un determinado exercicio só se suspenderán no caso de que o promotor suspenda as achegas a favor dun partícipe pertencente ao colectivo A por algunha das situacións recollidas no artigo 7.2 destas especificacións ou exista algún suposto que impida a correspondente detracción de nómina.

2. Suspensión:

Cando o promotor suspenda as achegas a favor dun partícipe pertencente ao colectivo A por algunha das situacións recollidas no artigo 7.2. destas especificacións ao dito partícipe suspenderánselle de forma automática as achegas de carácter voluntario que se lle descontan en nómina pero poderá seguir efectuando achegas voluntarias a través do cargo na conta. Só no caso de que non realice ningunha achega pasará a partícipe en suspenso mantendo os seus dereitos consolidados no plan.

En caso de extinción da relación funcionario ou laboral, o partícipe deberá solicitar o traslado dos seus dereitos a outro plan nun prazo máximo de 3 meses. Se neste prazo o partícipe non comunicou o plan ao que quere mobilizar, a entidade xestora, tras a comunicación e requirimento da dita entidade cunha antelación mínima de 15 días ao prazo mencionado, transvasarao ao Plan de pensións establecido na disposición adicional única destas especificacións.

3. O partícipe pode rehabilitar en calquera momento o pagamento de achegas voluntarias a través de cargo en conta, suspendido previamente, mediante trámite similar ao previsto para a incorporación de altas ao plan. No caso en que se rehabiliten as achegas obrigatorias do promotor a un partícipe pertencente ao colectivo A tras a súa suspensión, activaranse de forma automática as achegas de carácter voluntario a través de desconto en nómina que o partícipe establececese no seu día.

Artigo 24 - Non pagamento de achegas.

En caso de non pagamento das achegas do promotor, a entidade xestora do Fondo comunicarallo á Comisión de Control do Plan para que realice os trámites que considere oportunos.

Artigo 25 - Devolución de achegas.

A entidade xestora do Fondo poderalle devolver ao partícipe parte das achegas xa pagadas, aboándollas na conta respectiva, nos seguintes casos:

a) Cando o conxunto das achegas directas dun partícipe a Plans de pensións supere nun ano natural o límite máximo legal para achegas directas.

O partícipe deberá xustificar á entidade xestora a superación do citado límite mediante as certificacións emitidas por aquelas entidades xestoras de Fondos de pensións nos que se produciron as achegas que en conxunto orixinan a superación do límite.

Os excesos que se produzan sobre a achega máxima establecida poderanse retirar antes do 30 de xuño do ano seguinte, sen aplicación da sanción disposta no artigo 36.4 do Texto refundido da lei de plans e fondos de pensións

En ningún caso o pagamento da devolución de achegas terá data de valor retroactiva.

A devolución realizarase polo importe efectivamente achegado en exceso, con cargo ao dereito consolidado do partícipe. A rendibilidade imputábel ao exceso de achega acrecerá ao patrimonio do fondo de pensións se fose positiva, e será de conta do partícipe se resultase negativa.

b) Por erros no proceso de cobro de achegas:

Cando como consecuencia de erros no proceso administrativo de cobro de achegas, ou de modificación ou da súa suspensión, resultasen indebidamente cargadas achegas nas contas dos partícipes, tras a solicitude destes, a entidade xestora tramitará a súa devolución, sen xuros.

Considerarase que se derivan de erro administrativo as achegas que se puidesen cargar na conta do partícipe durante o período que medie entre o acaecemento dunha continxencia e a súa comunicación á entidade xestora do Fondo en que se encontre integrado o Plan de pensións, salvo indicación en contrario por parte do partícipe.

c) Por traslado de dereitos consolidados a outro plan:

Cando un partícipe solicite un traslado a outro plan e teña unha cota periódica pendente de cargo, esta poderase devolver, non se incluírá esta no importe de traslado, en prol de axilizar o proceso de mobilización.

Artigo 26 - Continxencias cubertas polo plan.

As continxencias cubertas polo presente Plan de pensións, que dan orixe ao pagamento de prestacións, son as seguintes:

a) Xubilación.

Para a determinación desta continxencia estarase ao disposto no réxime da Seguridade Social correspondente. A continxencia de xubilación entenderase producida cando o partícipe acceda efectivamente á xubilación no réxime da Seguridade Social correspondente sexa á idade ordinaria, anticipada ou posteriormente.

Cando non sexa posíbel o acceso dun partícipe á xubilación, a continxencia entenderase producida a partir da idade ordinaria de xubilación no Réxime Xeral da Seguridade Social, no momento no que o partícipe non exerza ou cesase na actividade laboral ou profesional, e non estea cotizando para a continxencia de xubilación para ningún réxime da Seguridade Social. Non obstante, poderá anticiparse a percepción da prestación correspondente a partir dos 60 anos de idade, nos seguintes supostos :

- a) Que cesase en toda actividade determinante de alta na Seguridade Social sen prexuízo de que, se é o caso, continúe asimilado á alta nalgún réxime da Seguridade Social.
- b) Que no momento de solicitar a disposición anticipada non reúna aínda os requisitos para a obtención da prestación de xubilación no réxime da Seguridade Social correspondente.

A partir do acceso á xubilación do partícipe as achegas realizadas ao Plan de pensións só se poderán destinar á continxencia de falecemento. O mesmo réxime aplicarase, cando non sexa posíbel o acceso á xubilación, as achegas que se realicen a partir da idade ordinaria de xubilación ou a partir do cobro anticipado da prestación correspondente.

Aqueles partícipes que, conforme ao réxime da Seguridade Social, estean en situación de xubilación parcial poderán realizar achegas para a xubilación total ou ben cobrar a prestación con motivo da xubilación parcial, neste último suposto o partícipe só poderá efectuar achegas para a continxencia de falecemento.

b) Incapacidade permanente total para a profesión habitual, incapacidade permanente absoluta para todo traballo ou gran invalidez, determinadas conforme ao réxime correspondente da Seguridade Social.

c) O falecemento do partícipe por calquera causa. Esta continxencia acreditarase mediante o correspondente certificado de defunción.

d) O falecemento dun beneficiario por calquera causa que, en función da modalidade de prestación que defina previamente, xere o dereito a prestación a favor do seu cónxuxe, fillos, herdeiros ou persoas designadas polo beneficiario. Esta continxencia acreditarase mediante o correspondente certificado de defunción.

Artigo 27 - Prestacións do plan.

As prestacións previstas polo plan para cada unha das continxencias cubertas por este, serán as seguintes:

- a) Para a continxencia de xubilación: prestación de xubilación
- b) Para a continxencia de invalidez: prestación de incapacidade
- c) Para a continxencia de falecemento: prestación por falecemento

Artigo 28 - Prestación de xubilación.

O importe desta prestación será igual á cota parte que ao partícipe, na data da súa liquidación, lle corresponda do Fondo de capitalización que se constituirá para esta prestación coas achegas definidas indicadas no artigo 20 das presentes especificacións máis os rendementos, netos de gastos, que estas xeren no fondo.

Artigo 29 - Prestación de incapacidade.

O importe desta prestación será igual á cota parte que ao partícipe, na data da súa liquidación, lle corresponda do Fondo de capitalización que se constituirá para esta prestación coas achegas definidas indicadas no artigo 20 das presentes especificacións, máis os rendementos, netos de gastos, que estas xeren no fondo.

Artigo 30 - Prestación por falecemento.

O importe desta prestación causada por un partícipe será igual á cota parte que ao partícipe, na data da súa liquidación, lle corresponda do Fondo de capitalización que se constituirá para esta prestación coas achegas definidas indicadas no artigo 20 das presentes especificacións, máis os rendementos, netos de gastos, que estas xeren no fondo.

No caso de falecemento de beneficiarios con modalidade de renda financeira temporal, o importe do Fondo de capitalización pendente de liquidar.

Artigo 31 - Prestacións dos partícipes en suspenso.

Os partícipes en suspenso terán dereito ás seguintes prestacións:

a) Prestación de xubilación ou equivalente: a partir do día en que teña dereito de acordo co artigo 25.a), o propio partícipe en suspenso cobrará un capital, ou renda equivalente, cuxo importe será igual á capitalización financeira dos seus dereitos consolidados á data do cesamento, á taxa real de rendibilidade que obteña o plan no fondo desde esa data ata a data de liquidación da prestación.

b) Prestación de falecemento: en caso de falecemento do partícipe en suspenso antes de alcanzar a súa data de xubilación, os seus beneficiarios cobrará un capital ou renda equivalente cuxo importe será igual á capitalización financeira dos seus dereitos consolidados á data do cesamento, á taxa real de rendibilidade que obteña o plan no fondo desde esa data ata a data de liquidación da prestación.

c) Prestación de invalidez: a partir do momento en que o partícipe cause baixa por invalidez, este cobrará un capital ou renda equivalente cuxo importe será igual á capitalización financeira dos seus dereitos consolidados á data do cesamento, á taxa real de rendibilidade que obteña o plan no fondo desde esa data ata a data de liquidación da prestación.

Artigo 32 - Modalidades de pagamento das prestacións.

1. As prestacións ás que os beneficiarios teñen dereito, como consecuencia das continxencias indicadas no artigo 25 anterior, poderán ter as seguintes modalidades:

a) Capital.

Percepción de pagamento único, que poderá ser inmediato á data de continxencia ou diferido a un momento posterior. O seu importe será igual ao valor dos dereitos consolidados do causante no momento do devengo da prestación.

En razón dunha mesma continxencia, un beneficiario só poderá obter unha única prestación desta modalidade

Se chegado o vencemento, o beneficiario se opón ao cobro do capital, ou non sinala o medio de pagamento, a entidade xestora depositará o seu importe nunha entidade de crédito a disposición ou por conta do beneficiario, así entenderase satisfeita a prestación a cargo do plan.

b) Renda.

O seu importe dependerá do valor dos dereitos consolidados, do causante no momento de acreditar o dereito á prestación, do tipo de renda para cobrar e das tarifas que a Comisión de Control do Plan pactase coa entidade aseguradora do pagamento das ditas rendas.

c) Míxta .

É unha combinación das dúas modalidades anteriores.

2. O beneficiario do Plan de pensións ou o seu representante legal deberá comunicar o acaecemento da continxencia á entidade xestora, e sinalará, se é o caso, a forma escollida para o cobro da prestación, e presentará a documentación acreditativa que proceda segundo o disposto na normativa vixente, nun prazo non superior a 6 meses desde que se produza a continxencia ou desde o seu recoñecemento pola autoridade ou organismo correspondente. No caso de falecemento, o prazo contarase desde que o beneficiario ou o seu representante legal teñan coñecemento da morte do causante e da súa designación como beneficiario, ou desde que poida acreditar a súa condición por disposición testametaría ou outros medios.

A comunicación e acreditación documental poderá presentarse ante as entidades xestoras, depositaria ou promotora do Plan de pensións, e o receptor estará obrigado para realizar as actuacións necesarias encamiñadas ao recoñecemento e efectividade da prestación.

3. Para os beneficiarios que decidan cobrar a súa prestación baixo a modalidade de renda, o plan prevé os seguintes tipos:

a) Rendas financeiras temporais, sen ningún tipo de garantía.

b) Rendas actuariais temporais coa garantía de xuro mínimo.

c) Rendas actuariais vitalicias con garantía de xuro mínimo. Estas rendas poderán ser puras ou reversíbeis nunha determinada porcentaxe.

4. Respecto das rendas do apartado 3 anterior:

- Nas rendas do tipo a), o propio beneficiario asume o risco da obtención da rendibilidade esperada e o plan non precisa reservas patrimoniais nin marxe de solvencia.
 - As rendas dos tipos b) e c) necesariamente estarán aseguradas polo que o plan tampouco precisará constituír por elas reservas patrimoniais nin marxe de solvencia. A elección dunha renda deste tipo comporta a renuncia do partícipe ou beneficiario para revogar ou alterar a designación de beneficiarios.
5. Os dereitos económicos dos beneficiarios non se poderán mobilizar agás por terminación do Plan de pensións.
6. As prestacións do Plan de pensións terán o carácter de diñeirarias.

Artigo 33 - Procedemento e recoñecemento do pagamento de prestacións.

1. Producida a continxencia determinante dunha prestación, o titular beneficiario porao en coñecemento da entidade xestora do fondo, para iso acompañará a información necesaria e a documentación acreditativa do seu dereito á prestación.

2. O prazo previsto da comunicación non poderá ser superior ao prazo máximo legal desde que se produza o recoñecemento da continxencia pola autoridade ou organismo correspondente sinalando a forma e momento electos para o cobro da prestación.

3. A documentación referida será examinada pola entidade xestora, a cal poderá solicitar cantos datos complementarios estime necesarios.

4. A entidade xestora notificará ao beneficiario o recoñecemento do seu dereito á prestación, ou a súa denegación, se é o caso, no prazo máximo legal desde a recepción de toda a documentación. A denegación deberá ser motivada. Igual notificación cursará de forma simultánea á Comisión de Control do Plan, a quen corresponde a supervisión do cumprimento das normas deste plan. No antedito recoñecemento, indícarase a forma, modalidade e contía da prestación, periodicidade e vencementos, formas de revalorización, posibles reversións e grao de seguro ou garantía.

5. Se o beneficiario opta por cobrar a prestación en forma de capital inmediato, a entidade xestora aboará no prazo de sete días desde que aquel presente a documentación correspondente ou no prazo que determine a normativa vixente en cada momento .

O primeiro pagamento dunha prestación, en forma de renda, efectuarase dentro do prazo máximo legal establecido desde a recepción pola entidade xestora de toda a documentación necesaria para acreditar o dereito ao seu cobro.

6. Para calquera reclamación que os beneficiarios poidan formular, dirixiranse á Comisión de Control do Plan, a través do seu secretario, quen a incluírá na orde do día da reunión que se realice. Esta reunión deberá ter lugar nun prazo máximo de vinte días desde a recepción da reclamación e o acordo correspondente adoptárase no prazo máximo dun mes desde a recepción da reclamación. Do acordo adoptado en relación da reclamación presentada darase traslado ao beneficiario, así como á entidade xestora do Fondo, nun prazo de dez días.

7. Unha vez comunicada polo promotor á entidade xestora o acaecemento dunha continxencia que poida dar lugar ao cobro dunha prestación, e non comunicado este feito por ningún titular beneficiario, a entidade xestora dará conta á Comisión de Control do Plan esta circunstancia para o seu coñecemento.

Artigo 34 - Certificados de percepción de prestacións.

1. Ao peche de cada ano natural, a entidade xestora do fondo remitiralles aos beneficiarios un certificado no que indicará o importe da prestación percibida durante o ano, así como as retencións practicadas a conta do imposto sobre a renda das persoas físicas.

2. Así mesmo, se o beneficiario opta polo cobro dunha prestación en forma de renda, a entidade xestora do fondo entregarlle un certificado acreditativo da súa condición no que se especificarán as características (duración, forma de cobro, revalorización ...) e contía da renda. Se a renda está asegurada indícarase tamén a denominación da entidade aseguradora e o número de contrato de seguro que garante ao plan a cobertura da prestación.

CAPITULO V ORGANIZACIÓN E CONTROL

Artigo 35 - A Comisión de Control do Plan.

1. O funcionamento e execución do Plan de pensións serán supervisados por unha Comisión de Control, formada por representantes do promotor, partícipes e, se é o caso dos beneficiarios, de forma que se garanta a presenza de todos os intereses, respectándose en todo momento unha representación paritaria do promotor e dos partícipes.

Os representantes dos partícipes desempeñarán a representación dos beneficiarios do Plan de pensións. Cando no desenvolvemento do plan este quede sen partícipes a súa representación corresponderalles aos beneficiarios.

2. A Comisión de Control e, se é o caso, a Comisión Promotora, estará composta por 10 membros, de acordo co seguinte reparto:

- Polo promotor: 5 membros.
- Polos partícipes: 5 membros.

3. O cargo de membro da Comisión de Control será de balde

Artigo 36 .- Funcións da Comisión de Control.

A Comisión de Control do Plan terá as seguintes funcións:

a) Supervisar o cumprimento das cláusulas do plan en todo o que se refire aos dereitos dos partícipes e beneficiarios.

b) Seleccionar o actuario ou actuarios que deban certificar a situación e dinámica do plan e seleccionar a entidade aseguradora para o aseguramento das prestacións que se devengan en forma de renda, ás que se refire o artigo 19.3 destas especificacións. Designar o actuario independente e, se é o caso, aqueles profesionais independentes precisos para a revisión financeiro-actuarial do plan conforme á normativa en vigor

c) Nomear os representantes da Comisión de Control do Plan na Comisión de Control do Fondo de Pensións ao que estea adscrito.

d) Propor as modificacións que estime pertinentes sobre achegas, prestacións e outras variábeis, derivadas das revisións actuariais requiridas pola presente normativa. Deberá seguirse o procedemento establecido nas especificacións do propio plan.

e) Supervisar a adecuación do saldo da conta de posición do plan, no seu respectivo Fondo de pensións, aos requirimentos do réxime financeiro do propio plan.

f) Representar xudicial e extraxudicialmente os intereses dos partícipes e beneficiarios do plan perante a entidade xestora do Fondo de pensións.

g) Propor e, se é o caso, decidir nas demais cuestións sobre as que a lexislación vixente lles atribúa competencias.

Artigo 37 .- Elección dos membros da Comisión de Control e da Comisión Promotora.

1. Os representantes do promotor na Comisión de Control e na Comisión Promotora do plan designarao directamente este, e poderanse remover en calquera momento, par iso hai que comunicarllo á Comisión de Control ou á Comisión Promotora respectivamente.

2. Os representantes dos partícipes na Comisión de Control e na Comisión Promotora do Plan elixiranos os órganos de representación do persoal da Deputación provincial (Xunta de Persoal e Comité de Empresa), na que se garantirán a presenza dos cinco sindicatos máis votados nas eleccións aos citados órganos.

Estes representantes removeranse en calquera momento, como a consecuencia de procesos electorais dos citados representantes dos traballadores polo que se realizará a oportuna comunicación á Comisión de Control ou á Comisión Promotora respectivamente. En todo caso as devanditas designacións terán unha duración máxima de catro anos.

Os partícipes en suspenso non poderán ser electos como membros da Comisión de Control .

Artigo 38 .- Duración do cargo de membro da Comisión de Control.

A duración do cargo electo de membro da Comisión de Control será dun máximo de catro anos, e poderase reelixir.

Artigo 39 - Funcionamento da Comisión de Control.

1. A Comisión de Control designará un presidente a quen corresponderá convocar as súas sesións, dirixir as deliberacións e asumir a súa representación. O voto do presidente será de calidade en caso de empates.

2. Así mesmo, designará un secretario que redactará a acta das sesións e levará os libros de actas.

3. A Comisión de Control quedará validamente constituída cando, debidamente convocada, estean presentes, polo menos, a metade máis un dos seus membros. A representación dun membro na Comisión de Control só poderá ser delegada noutro membro desta.

4. Os acordos da Comisión de Control adoptaranse, polo menos, por maioría absoluta (a metade máis un) dos membros da Comisión de Control presentes ou representados. Non obstante, os acordos e decisións que afecten á política de investimento do Fondo de pensións, nos termos recollidos no artigo 32.2 do vixente Regulamento de plan e fondos de pensións, incluírán, polo menos, o voto favorable da metade dos representantes dos partícipes na Comisión de Control.

5. A Comisión de Control reunirse: a) polo menos, unha vez cada trimestre, b) cando así o soliciten, como mínimo, o 25% dos seus membros e, c) cando o prevexan estas especificacións.

6. As convocatorias das reunións da Comisión de Control realizaráas o secretario coa conformidade do presidente e notificarallas aos demais membros da Comisión con, polo menos, unha semana de antelación á data prevista para a reunión por medio de carta ou calquera outro medio de comunicación con xustificante de recepción, agás que a reunión teña carácter moi urxente, suposto en que se efectuará con vinte e catro horas de antelación. A devandita convocatoria conterá a orde do día previsto para a reunión.

Malia o anterior, a Comisión entenderase convocada e quedará validamente constituída para tratar calquera asunto, sempre que estean presentes todos os seus membros e estes acepten, por unanimidade, a celebración da reunión.

7. No caso de ausencia do presidente, actuará como o seu suplente, o membro presente da Comisión de maior idade. No suposto da ausencia do secretario, actuará como o seu suplente, o membro presente da Comisión de menor idade. As ditas suplencias reflectiranse na acta da reunión correspondente.

8. A orde do día será a proposta polo secretario e presidente ou, se é o caso, polos membros ou entidades que soliciten legalmente a convocatoria. Xa que logo, a orde do día de cada reunión poderase alterar, o día previsto para a reunión, se constar que todos os membros están de acordo.

9. A Comisión Promotora terá o mesmo funcionamento e réxime de acordos que o establecido para a Comisión de Control.

CAPITULO VI **MODIFICACIÓN E LIQUIDACIÓN**

Artigo 40 .- Modificación do Plan de pensións.

1. A modificación do presente Regulamento do plan de pensións realizarase a instancias de, polo menos, o 25% dos membros da súa Comisión de Control.

2. A proposta de modificación requirirá:

a) Ditame previo favorable dun actuario, sempre que a dita modificación afecte ao sistema financeiro do plan.

b) Que o acordo se tome por maioría dos dous terzos (2/3) dos membros da Comisión de Control.

3. En todo caso, calquera cambio ou modificación que afecte ás bases económicas do plan ou á contía da contribución e outras obrigas do promotor non terá efecto ata que o mencionado acordo o ratifique o promotor.

4. Nos demais supostos en que a normativa vixente o esixa.

Artigo 41 .- Terminación do Plan de pensións.

1. Serán causas para a terminación, e posterior liquidación, do presente Plan de pensións:

a) O acordo de liquidación do plan tomado por, polo menos, o 75% dos membros da Comisión de Control.

b) Calquera causa legalmente establecida.

2. En todo caso serán requisitos previos para a terminación do plan a garantía individualizada das prestacións causadas e a integración dos dereitos consolidados dos partícipes noutro Plan de pensións.

Artigo 42 .- Normas para a liquidación do Plan de pensións.

Decidida a terminación do Plan de pensións, a súa liquidación definitiva realizarase de acordo coas seguintes normas:

a) A Comisión de Control do Plan, por medio da entidade xestora, comunicará a terminación do plan a todos os partícipes e beneficiarios cunha antelación de tres meses.

b) Durante este período de tres meses os partícipes deberánlle comunicar á Comisión de Control do Plan, a través da entidade xestora, a que plans desexan trasladar os seus dereitos consolidados.

c) Durante o mesmo período, os beneficiarios deberánlle á Comisión de Control do Plan, a través da entidade xestora, a que plans desexan trasladar os seus dereitos derivados das prestacións causadas.

d) Se chegada a data de terminación do plan, algún partícipe ou beneficiario non lle comunica á Comisión de Control o indicado nos anteriores apartados b) e c), a entidade xestora trasladará os seus dereitos consolidados ou derivados a outro Plan de pensións que seleccione a Comisión de Control.

e) Unha vez trasladados os dereitos consolidados de todos os partícipes e os dereitos derivados dos beneficiarios, a Comisión de Control do Plan comunicarlle á entidade xestora do Fondo ao que estaba adscrito a terminación definitiva do plan.

f) Finalmente, a Comisión de Control do Plan disolverase.

CAPÍTULO VII **INSTANCIAS DE RECLAMACIÓN**

Artigo 43 .- Instancias de reclamación

Correspóndelle á Comisión de Control a tutela e protección dos dereitos dos partícipes e beneficiarios dos Plans de pensións, polo que coidarán que tales dereitos os respecten a promotora do plan, así como a xestora e a depositaria do Fondo de pensións e actuar de conformidade aos principios de boa fe, equidade e confianza recíproca.

Os partícipes e beneficiarios do Plan de pensións poden dirixir as súas reclamacións á Comisión de Control, cando estimen que na actuación das entidades promotora, aseguradora, xestora ou depositaria sufrisen un tratamento negligente, incorrecto ou non axustado a dereito.

As reclamacións presentaranse por escrito, debidamente asinadas polo reclamante ou o seu representante legal. Nas reclamacións necesariamente constará o nome, apelidos, número do DNI ou, no seu defecto, os datos do documento que acredite fidedignamente a personalidade do reclamante, así como o seu domicilio e o nome do Plan de pensións do que é partícipe ou beneficiario.

Así mesmo, a entidade xestora e a entidade depositaria poñen a disposición dos seus clientes o seu Servizo de Atención ao Cliente en R/ Picavía, 8 1º Esq. da Coruña, Fax 981.21.78.99 e San Andrés 135-137, 1º 15003 A Coruña, Fax: 981 202 494 , correo electrónico: atencioncliente@caixagalicia.es, respectivamente.

Os anteditos servizos atenderán e resolverán, conforme á normativa vixente, no prazo máximo de dous meses desde a súa presentación, as queixas e reclamacións formuladas directamente ou mediante representación acreditada por todos os partícipes ou beneficiarios do Plan de pensións, cando estas se refiran a intereses e dereitos legalmente recoñecidos relacionados co desenvolvemento do plan, xa deriven destas especificacións, da normativa reguladora dos plans e Fondos de pensións, da normativa de transparencia e protección da clientela ou das boas prácticas e usos, en particular do principio de equidade.

As queixas e reclamacións presentaranse por escrito en calquera das oficinas da entidade, por correo ou por medios informáticos, electrónicos ou telemáticos sempre que estes permitan a súa lectura, impresión e conservación, e respondan aos requisitos e características legais, establecidas no Regulamento do servizo de atención ao cliente de BIAGALICIA ou de Caixa de Aforros de Galicia, segundo se trate.

Unha vez obtida a resolución e esgotada a vía de reclamación perante o Servizo de Atención ao Cliente, en caso de manter a súa desconformidade co resultado do pronunciamento ou transcorridos dous meses desde a data de recepción sen que o dito Servizo resolva, poderá o reclamante presentar a súa reclamación perante o Comisionado para a Defensa do Asegurado e do Participe en Plans de Pensións en Paseo de la Castellana, 44, 28046 Madrid, fax 91 339 71 13, cuxas decisións, non obstante, non son vinculantes. Igualmente, poderá sometelas aos xulgados e tribunais competentes.

En todas as oficinas de BIAGALICIA e de Caixa de Aforros de Galicia abertas ao público e na páxina web desta última, os seus clientes, usuarios ou prexudicados, encontrarán á súa disposición o Regulamento para a defensa do cliente correspondente, que regula a actividade e o funcionamento do Servizo de Atención ao Cliente e as características e requisitos de presentación e resolución de queixas e reclamacións.

Nas resolucións teranse en conta as obrigas e dereitos establecidos na normativa reguladora dos plans e fondos de pensións e a normativa de transparencia e protección dos clientes de servizos financeiros (real decreto lexislativo 1/2002, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de regulación dos plans e fondos de pensións, real decreto 304/2004, do 20 de febreiro, polo que se aproba o regulamento de plans e fondos de pensións, lei de reforma do sistema financeiro, lei de institucións de investimento colectivo, rd 303/2004 do 20-2 e orde eco 734/2004 do 11-3, lei e regulamento para a defensa de consumidores e usuarios, lei de condicións xerais da contratación).

Disposición adicional única.-

Durante a duración do contrato de xestión do Plan de pensións para o persoal da Deputación provincial adxudicado a BIA GALICIA DE Seguros y Reaseguros, S.A., como entidade xestora, e a CAIXA GALICIA, como entidade depositaria, aprobado por acordo plenario de 30/12/2002 desta Deputación Provincial da Coruña, e de acordo co establecido no artigo 15.c) destas especificacións, en caso de cesamento definitivo da relación funcional ou laboral, o Plan de pensións destinatario da mobilización, en caso de que o participe non comunicase á xestora do proxecto ao que o quere mobilizar, será CAIXA GALICIA PLUS 30, Plan de pensións.

Disposición transitoria única.-

O pagamento das achegas do promotor, mencionadas no artigo 21 .3 destas especificacións, e referentes á achega inicial correspondente ao exercicio 2002 [artigo 21 .3.a)] e á achega regular anual [artigo 21 .3.b)] correspondente ao exercicio 2003, realizarase dentro do primeiro semestre do exercicio 2003, e en relación cos participes pertencentes ao colectivo A do plan (persoal funcionario de carreira e persoal laboral fixo de cadro de persoal) que se encontren en activo a 31 de decembro do ano 2002 e manifestasen a súa vontade de adhesión ao Plan de pensións desde a súa constitución.”

15.- CORRECCIÓN DE ERROS NO CADRO DE PERSOAL.

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“En relación co asunto de referencia, e advertido un erro material no cadro de persoal 2006, aprobado definitivamente polo acordo plenario do 23/02/2006, no senso de que onde di: “Escala de Administración Especial.- Subescala técnica.- Clase técnicos superiores.... Enxeñeiro de Vías e Obras; A-2...” debe dicir: “Escala de Administración Especial.- Subescala técnica.- Clase técnicos superiores... Enxeñeiro de Vías e Obras: A-3...””, de conformidade co propio acordo adoptado e co contido da relación de postos de traballo 2006; polo que se procederá, polo tanto, á súa rectificación.”

16.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E A AXENCIA ESPAÑOLA DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL PARA A IMPLEMENTACIÓN DE DOUS CENTROS DE

PROVISIÓN PARA OS ANCORADOIROS DE PESCADORES DA ZONA NORTE E SUR DA PROVINCIA DE MANABÍ (ECUADOR)

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar a formalización dun convenio de colaboración, cuxo texto se xunta, coa entidade Axencia Española de Cooperación Internacional (AECI) para a implementación de dous centros de provisión para os ancoradoiros de pescadores da zona norte e sur da provincia de Manabí (Ecuador).

2º.- Facultar o presidente da deputación para a execución do presente acordo.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A AXENCIA ESPAÑOLA DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL, PARA A IMPLEMENTACIÓN DE DOUS CENTRO DE PROVISIÓN PARA OS ANCORADOIROS DE PESCADORES DA ZONA NORTE E SUR DA PROVINCIA DE MANABÍ (ECUADOR).

A Coruña,.....de.....de 2006

REUNIDOS

Dunha parte, Don Salvador Fernández Moreda, que intervéen neste acto en nome e representación da Excm. Deputación Provincial da Coruña, e actúa na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, Don Manuel García Solaz, DNI 00632742-N, que intervéen neste acto en nome e representación da AXENCIA ESPAÑOLA DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL, CIF Q2812001B, con domicilio para os efectos de notificacións na Avda. Reis Católicos, 4 – 28040 Madrid – España.

Ambos os dous comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

EXPOÑEN

Primeiro.- O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, en sesión celebrada o día de de 2006, aprobou a subscrición dun convenio coa AECI, para a implementación de dous centros de provisión nos ancoradoiros de pescadores da zona norte e sur da provincia de Manabí – Ecuador, colaborando no financiamento do dito proxecto coa achega de 130.000,00 €.

Segundo.- A AECI, é un organismo autónomo dos dispostos no artigo 43.1 a) da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da administración xeral do

Estado, adscrito ao Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación, a través da Secretaría de Estado para a Cooperación Internacional e para Iberoamérica. Os seus estatutos foron aprobados por Real decreto 3424/2000, do 15 de decembro (BOE 301, de 16 de decembro de 2000).

Terceiro.- A AECI, a través da súa Oficina Técnica de Cooperación en Ecuador (OTC), promove no citado país o “Proxecto de Desenvolvemento Local: Provincia de Manabí”, en colaboración co Consello Provincial de Manabí (Goberno provincial), quen, para o desenvolvemento do citado proxecto, actúa a través dun organismo adscrito denominado Axencia de Desenvolvemento Provincial de Manabí.

Cuarto.- Dentro do “Proxecto de Desenvolvemento Local: Provincia de Manabí” está previsto, entre outros puntos, a implementación de dous centros de provisión nos ancoradoiros de pescadores artesanais da zona norte e sur da provincia de Manabí, que permita mellorar a calidade do peixe que se comercialice e que os pescadores teñan maior poder de negociación de prezos. A achega da Deputación Provincial da Coruña está orientada para financiar os estudos de factibilidade e impacto ambiental, así como á dotación de equipamento, mobiliario, ferramentas e insumos para o funcionamento dos centros de provisión.

Quinto.- A execución directa do obxecto do presente convenio, que se circunscribe no citado proxecto, estará a cargo dunha Unidade de Xestión, cuxos responsábeis son os codirectores designados polo Consello Provincial de Manabí (a través da Axencia de Desenvolvemento) e pola AECI (a través do seu OTC), e será a encargada de preparar os informes que serán presentados para a súa análise e aprobación á OTC-AECI-Ecuador e á Deputación Provincial da Coruña.

Por todo iso, acordan a celebración dun convenio de colaboración suxeito ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO DO CONVENIO

A implementación de dous centros de provisión nos ancoradoiros de pescadores artesanais da zona norte e sur da provincia de Manabí, que permitan mellorar a calidade do peixe que se comercialice e que os pescadores teñan maior poder de negociación de prezos.

SEGUNDA: CONTIDO DA COLABORACIÓN

A Deputación da Coruña comprométese a achegar a cantidade de CENTO TRINTA MIL EUROS (130.000,00 €) para financiar o 80% dos gastos relacionados co proxecto cun orzamento total de 162.500€, que se detalla nos seguintes conceptos:

- Estudo do impacto ambiental (6.000 €)
- Adquisicións do seguinte material, por importe de 95.883€:

- Contedor frigorífico
- Fábrica de xeo
- Cámara de frío e silo de xeo
- Grupo electrógeno
- Depósito de superficie, para alimentación do grupo electrógeno
- Depósito de superficie de 2000 litros de capacidade para auga, como reserva para a alimentación da fábrica de xeo
- Motobomba gasoil
- Motobomba auga
- Equipo básico de laboratorio
- Balanzas de precisión
- Instalacións eléctricas
- Mesas de aceiro para desviscerado
- Mobiliario de recepción e bodega e mobiliario da área de capacitación
- Transporte e instalación do material relacionado anteriormente, por importe de 30.117€, así como man de obra para a execución das obras de adaptación das instalacións, por importe de 30.500€.

A entidade AECEI, a través da súa OTC en Ecuador, comprométese a realizar as actuacións necesarias para que as actividades obxecto do proxecto se desenvolvan durante este ano 2006/ 2007, en colaboración coa Axencia de Desenvolvemento Provincial de Manabí, organismo adscrito ao Consello Provincial de Manabí-Ecuador.

No caso de que a prestación non a realice a propia entidade, esta comprométese, de conformidade co disposto polo artigo 31.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, con carácter previo á realización das obras, a solicitar, polo menos, un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores, escollendo de entre as recibidas a que resulte máis adecuada conforme a criterios de eficiencia e economía, e deberase xustificarse a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

A achega da deputación materializarase en 4 prazos, mediante transferencia bancaria á conta designada pola entidade AECEI.

O primeiro prazo, por importe do 25%, á sinatura do convenio.

O segundo, terceiro e cuarto prazo, cada un deles polo 25%, despois da presentación da seguinte documentación:

- Informe do representante legal no que se indiquen as actuacións realizadas e os gastos efectuados.
- Facturas, nóminas, recibos e outras pezas xustificativas de gastos realizados na prestación de servizos previsto no programa.

As transferencias bancarias correspondentes materializaranse logo dos informes previos do servizo de Planificación, do servizo de Patrimonio e Contratación e da Intervención de Fondos Provinciais.

A AECEI acreditará documentalmente estar ao corrente das súas obrigas tributarias e sociais coa Facenda Pública Estatal e a Seguridade Social. A acreditación de estar ao corrente coas obrigas fiscais coa deputación determinaraa de oficio a propia deputación, a través do seu Servizo Provincial de Recadación.

Para a realización do pagamento do segundo prazo dos previstos, a deputación queda autorizada para solicitar, en nome da AECEI, as acreditacións mencionadas no parágrafo anterior.

Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionábel xustificado en moeda distinta ao euro, aplicarase o tipo de cambio oficial establecido no día de remisión da documentación xustificativa á deputación. Todos os pagamentos que realice a deputación serán en moeda euro.

A entidade AECEI, a través do seu OTC en Ecuador, comprométese a pór en coñecemento da deputación aquelas axudas que lle sexan concedidas para a mesma finalidade. A achega provincial reducirase na medida que a axuda percibida minore o custo do proxecto financiado.

TERCEIRA: DIRECCIÓN TÉCNICA DO CONVENIO

A dirección técnica do presente convenio corresponderalle ao Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea.

CUARTA: VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio estará en vigor desde o día da súa sinatura até a terminación da actividade obxecto de financiamento. En ningún caso o convenio subministrará efectos máis alá do 31 de decembro de 2007.

QUINTA: INTERPRETACIÓN

As lagoas ou diverxencias que se poidan apreciar na aplicación do presente convenio integraranas, interpretaranas e resolveranas motivadamente a Deputación da Coruña, de acordo co disposto no presente convenio e a normativa española aplicábel, principalmente na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Non obstante o indicado no parágrafo anterior, calquera das partes poderá iniciar as accións xurisdicionais que estime oportunas, declarándose neste mesmo convenio sometidas ambas as dúas ao foro xurisdiccional dos órganos da Administración de Xustiza que sexan competentes no ámbito da Coruña.

SEXTA: CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Será causa de resolución do presente convenio e dará lugar, se é o caso, ao reintegro das cantidades percibidas:

- O incumprimento das cláusulas nel establecidas.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintas dos nel determinados.
- A falta de xustificación do emprego das cantidades percibidas.

En caso de se solicitar o reintegro, a aplicación dos xuros de mora correspondentes non procederá cando o incumprimento obedece a causa non imputábel á entidade beneficiaria.

Para todo o non previsto no presente convenio estarase ao disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións.

ANEXO

ORZAMENTO DETALLADO DEPUTACIÓN DA CORUÑA*			
Cantidade	Descrición	Características	Custo (€)
2	Contedor refrixerado	Contedor refrixerado de 40 pés (12.19 m longo x 2.43 m ancho x 2.59 m alto) para almacenar pesca fresca	16.667
2	Contedores (Standard) secos	Contedor de 40 pés (12.19 m longo x 2.43 m ancho x 2.59 m alto) para ser empregado como aula para capacitación e talleres	3.000
2	Contedores (Standard) secos	Contedor de 20 pés (6.05 m longo x 2.43 m ancho x 2.59 m alto) para ser empregado para o funcionamento de oficinas	2.000
2	Contedores insulados secos	Contedor de 20 pés (6.05 m longo x 2.43 m ancho x 2.59 m alto) para ser empregado como fábrica de xeo	2.000
2	Fábricas de xeo	Produción de 5 toneladas/día	33.332
2	Grupo electróxeos bombas de auga e materiais anexos	Grupo xerador de 68 KW aberto Bombas de ½ a 1 polgada	30.333
2	Balanzas electrónicas	Capacidade 300 kg, resolución 50 gr.	1.167
2	Tanques	Para almacenaxe de diésel capacidade de 5.000 litros	1.500
2	Tanques	Para almacenaxe de auga capacidade de 5.000 litros	1.500

40	Cadeiras pupitre con brazo	Para as capacitacións	2.600
4	Escritorios en L con gabeta	Para labores administrativas	1.617
2	Encerados móbiles	Para labores de capacitación	167
1	Transporte	Transporte equipos vía marítima e terrestres até lugar de destino	16.500
1	Estudios varios	Estudios de impacto ambiental	6.000
1	Montaxe de equipos, acometidas e probas iniciais	Instalación e posta en marcha do sistema	13.617
	Man de obra	Execución das obras no terreo	30.500
TOTAL €			162.500

T/C: 1.20 \$ = 1 €

O presente cadro reflicte unha aproximación do orzamento pormenorizado.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario do de xullo de dous mil seis.

E en proba de conformidade, asinan por exemplar cuadriplicado o presente documento no lugar e data indicados.

O representante da Deputación Provincial da Coruña

O representante da AECI

Asdo. Salvador Fernández Moreda

Asdo. Manuel García Solaz

17.- APROBACIÓN DO CONVENIO ENTRE A FUNDACIÓN GALICIA EMIGRACIÓN E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA A CELEBRACIÓN DO I CONGRESO TÉCNICO DE EMPRESARIOS “O FUTURO DOS EMPRENDEDORES GALEGOS”.

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.-Aprobar a formalización dun convenio de colaboración, cuxo texto se xunta, coa entidade Fundación Galicia Emigración para a celebración do I Congreso

Técnico de Empresarios “O futuro dos emprendedores galegos”, que terá lugar na cidade de Montevideo (Uruguai), cunha achega provincial máxima de 15.000 €, 75% do orzamento total que se ha financiar.

2º.- Facultar o presidente da deputación para a execución do presente acordo.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN GALICIA EMIGRACIÓN E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA A CELEBRACIÓN DO I CONGRESO TÉCNICO DE EMPRESARIOS “O FUTURO DOS EMPRENDEDORES GALEGOS”

_____ A Coruña, _____ de xullo de 2006

REUNIDOS

Dunha parte, a FUNDACIÓN GALICIA EMIGRACIÓN, pola que actúa no seu nome e representación, o Ilmo. Sr. secretario xeral de Emigración, D. Manuel Luís Rodríguez González, consonte ás facultades que lle son atribuídas no artigo 20 dos Estatutos da Fundación e na súa calidade de presidente desta.

Da outra parte, a EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, pola que actúa no seu nome e representación, o seu presidente, D. Salvador Fernández Moreda, ao abeiro das competencias que para vincularse neste acto se lle confiren na Lei reguladora das bases de réxime local, Lei 7/85, do 2 de abril, e na Lei 5/97, da administración local de Galicia.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a Fundación Galicia Emigración consonte ao artigo 1 dos seus Estatutos, constitúese como unha organización de natureza fundacional, de interese galego, constituída sen ánimo de lucro, o patrimonio da cal está afectado de xeito duradeiro á realización das fins de interese xeral propios da entidade.

SEGUNDO.- Que, consonte o establecido no artigo 6 dos seus Estatutos, a Fundación Galicia Emigración ten como obxecto promover, incentivar e executar cantas accións se orienten á potenciación e difusión da galegitude en calquera parte do mundo, en especial nos lugares onde estean radicadas as Comunidades Galegas, a través, entre outras, de accións tendentes a apoiar aos galegos e aos seus descendentes que residan fóra da Comunidade Autónoma.

TERCEIRO.- Que a Deputación Provincial da Coruña, na súa función de apoio aos municipios da provincia amosa unha especial sensibilidade en relación á situación dos veciños que residen fóra de Galicia, en especial nos países de Iberoamérica.

Por outra banda, a Deputación Provincial da Coruña está interesada en colaborar coa Fundación Galicia Emigración na promoción da presenza do empresariado galego no

exterior, e mediante a achega a favor desta Fundación dunha axuda económica nos termos definidos no presente convenio.

En virtude de todo o exposto, e no exercicio das competencias que lles son propias, as partes intervenientes están interesadas en establecer o presente convenio de colaboración de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto regular a colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Galicia Emigración relativa á celebración do I Congreso Técnico de Empresarios “O futuro dos emprendedores galegos” que terá lugar na cidade de Montevideo (Uruguai) no mes de novembro de 2006.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES E ORZAMENTO

A Fundación Galicia Emigración, en execución do presente convenio, comprométese a:

- Realizar as actividades necesarias para a organización do I Congreso Técnico de Empresarios “O futuro dos emprendedores galegos”, entre as que se atopan as que deseguido se indican co seu detalle orzamentario:

ACTIVIDADE	ORZAMENTO
Asesoramento técnico en eventos empresariais	6.000 €
Apoio loxístico na organización de congresos internacionais	6.000 €
Accións de difusión e traslados de todo o equipo	6.000 €
Elaboración e impresión de materiais (imprenta, papelería e cartelería)	2.000 €

Os importes orzados poderán sufrir variacións por causa de imprevistos ou por necesidades sobrevidas na execución das actividades referenciadas.

- Remitirle á Deputación provincial un informe comprensivo dos gastos realizados e obxectivos acadados en execución do presente convenio.

O presente programa, que conta cun orzamento de vinte mil euros (20.000,00 €), financiarase con cargo aos orzamentos para o 2006 da Deputación Provincial da Coruña e da Fundación Galicia Emigración de acordo ao seguinte:

Entidades financiadoras	Aplicación orzamentaria	Importe	% s/total
Deputación da Coruña	0104/463C/489.01	15.000,00 €	75
Fundación Galicia Emigración	Transf. e Subvencións	5.000,00 €	25

TERCEIRA.- LIBRAMENTO DAS ACHEGAS

A achega da Deputación Provincial da Coruña será desembolsada do seguinte xeito:

a) Librarase á sinatura do convenio un anticipo correspondente ao 80% do importe total da achega, para facer fronte aos gastos inaprazábeis derivados do presente convenio e dado o carácter non lucrativo da entidade executora. Despois da transferencia previa, a Fundación remitiralle á Deputación a garantía suficiente equivalente ao importe anticipado. Coa proposta de aprobación da última xustificación poderá tramitarse a proposta de cancelación da garantía constituída, no seu caso.

b) O importe restante será aboado unha vez finalizado o período de vixencia do convenio, logo da presentación previa por parte da Fundación da seguinte documentación:

- Certificación, asinada pola directora - xerente da Fundación Galicia Emigración, do gasto realizado en execución do presente convenio. Na dita certificación constará o importe do gasto realizado e a súa aprobación así como que a execución do dito gasto se realizou consonte ao disposto na cláusula segunda do presente convenio e aos acordos da Comisión de Seguimento e Control. Á certificación achegarase listaxe dos conceptos de gasto e os correspondentes importes.
- Declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a actividade obxecto da axuda, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.
- Acreditación documental de estar ao corrente nas obrigas tributarias e sociais e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda por ningún concepto coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, coa Facenda Pública Estatal e a Seguridade Social.
- Así mesmo, a Fundación Galiza Emigración deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Deputación da Coruña, situación que determinará de oficio a propia deputación, a través do Servizo Provincial de Recadación.
- No caso de que as actividades non as presten a propia Fundación esta comprométese, de conformidade co disposto no art. 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, con carácter previo á realización dos servizos ou adquisicións, a solicitar, polo menos, tres ofertas de diferentes provedores, e elixirá de entre as recibidas a que resulte máis axeitada conforme a criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse a elección cando non recaia na proposta máis vantaxosa.

Non obstante o previsto no apartado a), a Fundación poderá optar por remitirle á Deputación da Coruña, con carácter previo a cada pagamento, a documentación xustificativa correspondente, neste caso non terá obriga de prestar a devandita garantía. A Deputación Provincial da Coruña financiará unicamente o 75% dos importes xustificados pola Fundación, co límite de achega total de 15.000€. No caso de que non

se xustifique a totalidade dos gastos, aboarse o 75% da cantidade realmente xustificada.

O importe da contribución da Deputación da Coruña, en concorrencia con outros ingresos non poderá superar o importe total dos gastos realizados. A achega provincial minorarase nunha cantidade equivalente ao exceso de financiamento recibido.

Sen prexuízo do disposto na cláusula sexta do presente convenio, a Fundación Galicia Emigración deberá reintegrarlle ao erario provincial aquelas cantidades percibidas con carácter previo á realización dos correspondentes pagamentos que non foran axeitadamente xustificadas ou non foran xustificadas no prazo sinalado sen que medie solicitude de prórroga, cos xuros de mora que lle fosen de aplicación.

Para o aboamento das achegas da Deputación provincial requirirase o informe previo dos servizos de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea, Servizo de Patrimonio e Contratación e de Fiscalización da Intervención Xeral.

CUARTA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO E CONTROL

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio integraranas, interpretaranas e resolveras motivadamente unha Comisión paritaria integrada por igual número de técnicos que designen para o efecto a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Galicia Emigración. A devandita Comisión será presidida por un representante da Deputación Provincial da Coruña.

As cuestións litixiosas que xurdan na aplicación do presente convenio de colaboración, non resoltas pola Comisión Mixta de Seguimento e Control, serán resoltas pola xurisdición contencioso - administrativa.

QUINTA.- DIFUSIÓN

Na difusión de todas as accións que se poñan en marcha para o desenvolvemento do presente convenio figurará de forma expresa a imaxe corporativa das entidades asinantes.

SEXTA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Será causa de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas nel.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos aos determinados neste.
- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

Para todo o non establecido neste convenio, estarase ao disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións.

SÉTIMA.- VIXENCIA

Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e manterá a súa vixencia até o 31 de decembro de 2006.

E en proba da plena e voluntaria conformidade dos intervinientes coas estipulacións arriba consignadas, ambas as dúas partes asinan e rubrican o presente instrumento convencional, por exemplar cuadruplicado, no lugar e data do seu encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Asdo.: Salvador Fernández Moreda

O SECRETARIO XERAL DE EMIGRACIÓN

Asdo.: Manuel Luís Rodríguez González

18.- APROBACIÓN DO CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E A ASOCIACIÓN “ GALIZA POR PALESTINA” PARA MELLORAR AS CONDICIÓN MÉDICO-SANITARIAS EN CISXORDANIA-PALESTINA.

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar a formalización dun convenio, cuxo texto se xunta, coa entidade Asociación “Galiza por Palestina” para mellorar as condicións médico- sanitarias en Cisjordania-Palestina, cunha achega provincial máxima de 51.000 €, 100% do orzamento total que se ha financiar.

2º.- Facultar o presidente da deputación para a execución do presente acordo.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN “GALIZA POR PALESTINA”, PARA MELLORAR AS CONDICIÓN MÉDICO-SANITARIAS EN CISXORDANIA-PALESTINA

A CORUÑA,DE.....DE 2006

REUNIDOS

Dunha parte, Don Salvador Fernández Moreda, que intervéen neste acto en nome e representación da Excm. Deputación Provincial da Coruña, e actúa na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, Don Xoán Gabeiras Vérez, DNI 76.402.337-V, que intervéen neste acto en

nome e representación da Asociación “GALIZA POR PALESTINA”, CIF G-70003397, con domicilio para os efectos de notificacións na rúa Cancela de Afora, 11 – baixo, CP 15005, A Coruña.

Ambos os dous comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

EXPOÑEN

Primeiro.- O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, en sesión celebrada o día 25 de maio de 2006, adoptou o acordo de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 1/2006, que incluía, entre outras previsións, a concesión dunha subvención nominativa a favor da Asociación “Galiza por Palestina”, por importe de 51.000 €, para a adquisición de medicamentos, funxíbeis e instrumental, para mellorar as condicións médico-sanitarias en Cixordania-Palestina. No BOP núm. 140, do 20.06.06, publicouse o anuncio de aprobación definitiva do citado expediente de modificación orzamentaria, o que determina a súa entrada en vigor.

Segundo.- A Asociación “Galiza por Palestina” é unha entidade privada sen fins de lucro que, de acordo co art. 4 dos seus estatutos, ten entre as súas fins estudar, elaborar e levar a boa fin proxectos e programas de desenvolvemento de Palestina, así como obter fondos para os financiar.

Terceiro.- Neste caso, a Asociación “Galiza por Palestina” pretende colaborar na execución dun proxecto de axuda humanitaria, a cargo da organización palestina “Comités de Traballo para a Saúde (HWC, das siglas inglesas de Health Work Committees), orientado a mellorar as condicións médico-sanitarias nos territorios ocupados de Cixordania-Palestina.

Cuarto.- A HWC é unha organización non governamental palestina, executora directa do proxecto, foi creada en 1985 co fin de mellorar as condicións de vida da poboación palestina no ámbito da saúde. As súas principais liñas de actuación son a prestación de servizos sanitarios de atención primaria, así como programas específicos de atención materna e infantil.

Por todo iso, acordan a celebración dun convenio de colaboración suxeito ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do convenio consiste no financiamento da adquisición de medicamentos e funxíbeis, por parte da HWC, co fin de os distribuír nas clínicas e servizos médico-sanitarios con que esta entidade conta nos territorios ocupados de Palestina, así como na adquisición de equipamento sanitario para a súa clínica de Beit Sahour, en Cixordania-Palestina, para mellorar a súa dotación e infraestrutura.

SEGUNDA: CONTIDO DA COLABORACIÓN

A Deputación da Coruña comprométese a achegar a cantidade de SEIS MIL EUROS (6.000,00 €) para a adquisición, por parte da HWC, de medicamentos e funxíbeis, segundo detalle que acompaña á documentación do proxecto, por importe de 6.000 €, o que supón unha achega do 100% do total.

Así mesmo, a Deputación da Coruña comprométese a achegar a cantidade de CORENTA E CINCO MIL EUROS (45.000,00 €) para a adquisición, por parte da HWC, de equipamento destinado a mellorar a dotación e infraestrutura da súa clínica de Beit Sahour, en Cisjordania-Palestina, segundo o seguinte detalle: Táboa de operacións 25.000€, Uroflurometer 5.000€, Spirometer 5.000€, Microscopio de laboratorio 2.000€, Monitor de pacientes 4.000€ e Máquina de autoclave 4.000€, o que fai un total 45.000€, sendo a achega da deputación equivalente ao 100%, de conformidade co disposto na base 49.3.C das Bases de execución do orzamento da deputación para o presente exercicio.

A Asociación Galiza por Palestina comprométese a colaborar cos Comités de Traballo para a Saúde (HWC), supervisando que se levan a cabo as adquisicións do material previsto por parte da HWC, comprobando a súa distribución, instalación e funcionamento, así como a transferirle os fondos necesarios para os materializar e a velar polo total cumprimento do obxecto do presente convenio.

No caso de que a prestación non a realice a propia entidade, esta comprométese, de conformidade co disposto polo artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, con carácter previo á realización das obras, a solicitar, polo menos, un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores, escollendo de entre as recibidas a que resulte máis adecuada conforme a criterios de eficiencia e economía, deberá xustificarse a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

A achega da Deputación materializarase mediante as seguintes transferencias bancarias á conta designada pola Asociación Galiza por Palestina:

1ª transferencia: 25.500 € (50% do total que se ha achegar) á sinatura do convenio. Logo da transferencia previa, a Asociación Galiza por Palestina remitiralle á deputación a garantía suficiente equivalente ao importe anticipado, nos termos da Base 48ª das de Execución do Orzamento da Deputación da Coruña.

2ª transferencia: 25.500 € (50% restante) despois da presentación previa de:

- Informe do representante legal no que se indiquen as actuacións realizadas e os gastos efectuados.
- Facturas, recibos e outras pezas xustificativas de gastos realizados na execución do proxecto.

- A Asociación Galiza por Palestina deberá de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, mediante a prestación das correspondentes certificacións.

- Así mesmo, a Asociación Galiza por Palestina deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Deputación Provincial da Coruña, situación que determinará de oficio a propia deputación, a través do Servizo Provincial de Recadación.

Coa proposta de aprobación da última xustificación poderá tramitarse a proposta de cancelación da garantía constituída.

Non obstante o indicado para o sistema de pagamentos, a entidade beneficiaria poderá optar por remitir con carácter previo a documentación xustificativa correspondente, en cuxo caso non terá obriga de prestar a garantía mencionada e poderá tramitarse un pagamento equivalente á cantidade xustificada.

O importe da achega da Deputación da Coruña, en concorrencia con outros ingresos, non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

No caso de que non se xustifique a totalidade dos gastos, minorarase a achega da Deputación da Coruña, e aboarase o 100% da cantidade realmente xustificada.

A falta de xustificación no prazo sinalado, sen que medie solicitude de prórroga, dará lugar ao reintegro do importe percibido e non xustificado, ao que se engadirá o correspondente xuro de mora, desde a data da achega do primeiro prazo.

As transferencias bancarias correspondentes materializaranse previos os informes do Servizo de Planificación, Desenvolvemento territorial e Unión Europea, Patrimonio e Contratación e servizo de Fiscalización.

Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionábel xustificado en moeda distinta ao euro, aplicarase o tipo de cambio oficial establecido no día de remisión da documentación xustificativa á deputación. Todos os pagamentos que realice a deputación serán en moeda euro.

A entidade Asociación Galiza por Palestina comprométese a pór en coñecemento da deputación aquelas axudas que lle sexan concedidas para a mesma finalidade. A achega provincial reducirase na medida que a axuda percibida minore o custo do proxecto financiado.

TERCEIRA: DIRECCIÓN TÉCNICA DO CONVENIO

A dirección técnica do presente convenio corresponderalle ao Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea.

CUARTA: VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio estará en vigor desde o día da súa sinatura até a terminación da actividade obxecto de financiamento. En ningún caso o convenio subministrará efectos máis alá do 31 de marzo de 2007.

QUINTA: INTERPRETACIÓN

As lagoas ou diverxencias que puidesen apreciarse na aplicación do presente convenio integraranas, interpretaranas e resolveranas motivadamente a Deputación da Coruña, de acordo co disposto no presente convenio e a normativa española aplicábel, principalmente na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Non obstante o indicado no parágrafo anterior, calquera das partes poderá iniciar as accións xurisdicionais que estime oportunas, declarándose neste mesmo convenio sometidas ambas as dúas ao foro xurisdiccional dos órganos da Administración de Xustiza que sexan competentes no ámbito da Coruña.

SEXTA: INCUMPRIMENTO

O incumprimento de calquera das estipulacións do presente convenio constituirá causa suficiente da súa resolución. A entidade Asociación Galiza por Palestina deberá reintegrarlle ao erario provincial aquelas cantidades que, percibidas con carácter previo á realización da actividade financiada, non fosen adecuadamente xustificadas. A aplicación dos xuros de mora correspondentes non procederá cando o incumprimento obedeza a causa non imputábel á entidade beneficiaria.

ANEXO: ORZAMENTO DE GASTOS

Descrición	Prezo (€)
Táboa de operacións	25.000€
Uroflurometer	5.000€
Spirometer	5.000€
Microscopio de laboratorio	2.000€
Monitor de pacientes	4.000€
Máquina de autoclave	4.000€
Medicinas	3.000€
Funxíbeis	3.000€

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario con data.

E en proba de conformidade, asinan o presente convenio por exemplar cuaduplicado o presente documento no lugar e data indicados no seu encabezamento.

O presidente da Deputación Provincial da Coruña
Asdo. Salvador Fernández Moreda

O Presidente da Asociación Galiza por Palestina
Asdo. Xoan Gabeiras Vérez

19.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CENTRO ARZUÁN MELIDENSE DA REPÚBLICA ARXENTINA PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO “NOSO LAR”.

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar a formalización dun convenio de colaboración, cuxo texto se xunta, coa entidade Centro Arzúa Melidense da República Arxentina para a realización do proxecto “Nosos Lar”, cunha achega provincial máxima de 30.000 €, 100% do orzamento total que se ha financiar.

2º.- Facultar o presidente da deputación para a execución do presente acordo.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CENTRO ARZUÁN MELIDENSE DA REPÚBLICA ARXENTINA PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO “NOSO LAR”

A Coruña, XX de XXX de 2006

REUNIDOS

Dunha parte *D. Salvador Fernández Moreda*, que intervéen neste acto en nome e representación da Excm. Deputación Provincial da Coruña, e que actúa na súa calidade de presidente, conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, *Don César Roberto Pampín*, que intervéen neste acto en nome e representación da Sociedade Civil “Centro Arzúa Melidense”, cuxo domicilio social se acha en Cochabamba 3245, Cidade de Bos Aires (Arxentina), entidade sen ánimo de lucro constituída en 1935 como asociación civil ao abeiro da lexislación da República de Arxentina, e que actúa na súa calidade de presidente, conforme ás competencias que ten atribuídas de acordo co artigo 36-B dos seus estatutos.

Ambos os dous comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente **convenio de colaboración**.

EXPOÑEN

Primeiro

A Deputación da Coruña, en adiante Deputación, é unha entidade pública local de ámbito provincial que ten entre as súas fins propias e específicas garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, sendo competencias propias, entre outras, as de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e, en xeral, o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

O Centro Arzuán Melidense, en adiante Centro Galego, é unha asociación civil sen ánimo de lucro, con fins culturais e recreativas, entre os seus propósitos figuran os de fomentar os lazos de fraternidade entre os seus asociados e os destes cos arxentinos e cooperar no seu progreso moral e intelectual, e secundar toda acción de progreso da colectividade galega.

Segundo

As asociacións de comunidades galegas no exterior son, en moitos casos, o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe. A provincia da Coruña, a súa cidadanía e as institucións que a representan teñen, e deben manter, unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por diversas circunstancias se encontran afastados da súa terra.

Terceiro

A problemática situación económica e social pola que están a atravesar a maioría dos países latinoamericanos, trae consigo que moitas das entidades sociais constituídas polos cidadáns galegos estean a vivir unha insostíbel situación de precariedade económica.

Cuarto

Sendo finalidade común a ambas as dúas entidades procurar a pervivencia das entidades asociativas galegas co afán de axudar a unha mellor calidade de vida, especialmente para aqueles que están máis necesitados, e mellorar a divulgación dos valores culturais galegos.

É por iso que ambas as dúas entidades estiman conveniente a realización de actuacións que impliquen garantir o mantemento de vínculos coa comunidade galega no exterior, acordan a celebración dun convenio de colaboración suxeito ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO DO CONVENIO

Realización do proxecto “Nosso Lar”, consistente en efectuar reformas no local social do Centro Galego.

SEGUNDA: CONTIDO DA COLABORACIÓN

A Deputación comprométese a achegar a cantidade de 30.000€ para a realización de reparacións no local social do Centro Galego, 100% do orzamento da actuación que se ha financiar.

O Centro Galego comprométese a realizar as obras de adaptación e mellora do centro social sito en Cochabamba 3245 na Cidade de Bos Aires (Arxentina), que se detallan a continuación:

ACTIVIDADE / OBRA	CUSTO
Depósito planta alta Revoque, solados e zócalos, pintura, calefactor, iluminación e ventiladores	2.252,26€
<i>Alpendre</i> planta baixa Revoque, pulido piso, <i>solías</i> , termóstato, ventiladores, pintura e cerramentos aluminio	4.094,38€
Patio exterior Cerramento, varanda e pasamán escaleira, revoque, iluminación e canlón	5.870,77€
Patio cuberto Ventilación, pulido piso, cambio vidros e cerramento aluminio	1.977,66€
Circulación e salón <i>Placards</i> , porta 2 follas, pintura, garda de madeira, teito policarbonato e cerramento aluminio	6.398,63€
Secretaría Tabique divisorio, pintura e reforma do baño	4.851,56€
Fachada exterior fronte Remodelación completa fronte P.B. e P. alta	4.554,74€
TOTAL	30.000,00€

A entidade beneficiaria comprométese, de conformidade co disposto no art. 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, con carácter previo á realización das adquisicións, a solicitar, polo menos, tres ofertas de diferentes provedores, escollerá, de entre as recibidas, a que resulte máis adecuada conforme a criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificar a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

A achega da Deputación, materializarase mediante a remisión á beneficiaria dos seguintes cheques bancarios:

- 1ª transferencia: 7.500€ (25% do total que se ha achegar) á sinatura do convenio.
Despois da transferencia previa, a entidade remitiralle á Deputación a garantía suficiente equivalente ao importe anticipado.
- 2ª transferencia: 7.500€ (25% do total que se ha achegar) á recepción da xustificación acreditativa dos gastos realizados por importe superior a 7.500€.
- 3ª transferencia: 7.500€ (25% do total que se ha achegar) á recepción da xustificación acreditativa dos gastos realizados por importe superior a outros 7.500€.
- 4ª transferencia: 7.500€ (25% do total que se ha achegar) á recepción da xustificación acreditativa dos gastos realizados por importe superior a outros 7.500€.

O Centro Galego comprométese a remitir como documentación xustificativa da realización das obras:

- Informe do presidente da entidade no que se identifiquen as obras realizadas.
- Factura, recibos e outras pezas xustificativas das adquisicións realizadas.

Non obstante o indicado para o sistema de pagamentos, a entidade beneficiaria poderá optar por remitir con carácter previo ao primeiro pagamento (1ª transferencia) a documentación xustificativa correspondente, en cuxo caso non terá obriga de prestar a garantía mencionada. De non optar por presentar garantía suficiente para o cobro do primeiro prazo e presentar a xustificación dos gastos correspondentes, no último pagamento a realizar deberán xustificar unicamente gastos por importe dos últimos 7.500€.

Coa proposta de aprobación da última xustificación poderá tramitarse a proposta de cancelación da garantía constituída.

No caso que non se xustifique a totalidade dos gastos, minorarase a achega da Deputación da Coruña, e aboarase o 100% da cantidade realmente xustificada.

A falta de xustificación no prazo sinalado, sen que medie solicitude de prórroga, dará lugar ao reintegro do importe percibido e non xustificado, ao que se engadirá o correspondente xuro de mora, desde a data da achega do primeiro prazo.

As correspondentes transferencias bancarias materializaranse logo dos informes previos do servizo de Planificación, Patrimonio e Contratación e da Intervención de Fondos Provinciais.

Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionábel xustificado en moeda distinta ao euro, aplicarase o tipo de cambio oficial establecido no día de remisión da documentación xustificativa á Deputación. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

O Centro Galego comprométese a:

1º: Comunicar a todos os seus socios o financiamento da obra con cargo aos orzamentos da Deputación, deixando constancia pública diso ao seu remate.

2º: Pór en coñecemento da Deputación aquelas axudas que se lle concedan para a mesma finalidade. A achega provincial reducirase na medida en que a axuda percibida minore o custo da obra financiada. A achega da Deputación non poderá superar, en concorrencia con outros ingresos, o importe total dos gastos realizados.

3º: Destinar o local reformado á fin concreta para o que se concedeu a subvención, que non poderá ser inferior a cinco anos. O incumprimento da obriga de destino será causa de reintegro da subvención percibida nos termos establecidos na lexislación española.

TERCEIRA: DIRECCIÓN TÉCNICA DO CONVENIO.

A dirección técnica do presente convenio corresponderalle ao servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea.

CUARTA: VIXENCIA DO CONVENIO.

O presente convenio estará en vigor para o ano 2006 até a terminación das obras que se han financiar. En ningún caso o convenio subministrará efectos máis alá do 31 de decembro de 2007.

QUINTA: INTERPRETACIÓN.

As lagoas ou diverxencias que se poidan apreciar na aplicación do presente convenio integraranas, interpretaranas e resolveranas motivadamente a Deputación, de acordo co disposto no presente convenio e a normativa española aplicábel, principalmente na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Non obstante o indicado no parágrafo anterior, calquera das partes poderá iniciar as accións xurisdicionais que estime oportunas, declarándose neste mesmo convenio sometidas ambas as dúas ao foro xurisdiccional dos órganos da Administración de Xustiza que sexan competentes no ámbito da Coruña.

SEXTA: INCUMPRIMENTO

O incumprimento de calquera das estipulacións do presente convenio constituirá causa suficiente da súa resolución.

O Centro Galego deberá reintegrarlle ao erario provincial aquelas cantidades que percibidas con carácter previo á realización da actividade financiada, non fosen adecuadamente xustificadas. A aplicación dos xuros de mora correspondentes non procederá cando o incumprimento obedecese a causa non imputábel á entidade beneficiaria.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario do (data).

E en proba de conformidade, asinan o presente convenio por exemplar cuadruplicado no lugar e data indicados no seu encabezamento.

O presidente da Deputación Provincial da Coruña
Asdo. Salvador Fernández Moreda

O presidente do Centro Arzuán Melidense
Asdo. César Roberto Pampín

20.- APROBACIÓN DA PRIMEIRA ANUALIDADE “PLAN PILOTO DA MELLORA DE CALIDADE TURÍSTICA DE PORTODEMOUROS” MEDIANTE O CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN E A CONSELLARÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA.

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar as actuacións da primeira anualidade do “Plan piloto de mellora da calidade turística de Portodemouros” instrumentando a través do convenio administrativo asinado entre a Consellaría de Innovación e Industria, e a Deputación Provincial da Coruña en concordancia coa relación aprobada pola Comisión de Seguimento do Plan na sesión do 10.07.2006.

A relación das actuacións é a seguinte:

ACTUACIÓNS PRIMEIRA ANUALIDADE	ORZAMENTO
Xerencia	60.000.-
Punto de información turística	250.000.-
Imaxe de marca e manual de identidade corporativa	14.000.-
Plan de calidade (1ª fase)	25.000.-
Valorización de recursos turísticos	12.000.-
Comunicación e promoción	35.000.-
Rutas turísticas polo encoro de Portodemouros	140.000.-
Estudo ente xestor	14.000.-
TOTAL	550.000.-

A cantidade imputada ao plan na presente asignación ascende a 550.000.- € cuxo financiamento se realizará coa seguinte distribución:

Deputación provincial	300.000.-
Consellaría de Innovación e Industria	250.000.-

A cantidade imputábel á deputación deberá ser aboada con cargo á partida 0305/751 A/628.02.”

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓN

Sr. Bello Costa

Hai unha moción do Partido Popular, do Grupo provincial do Partido Popular que se distribuíu ademais coa documentación do Pleno, relativa á subvención e supresión da peaxe no tramo A Coruña-Sabón-Arteixo, da autoestrada de peaxe AP-55, que hai que proceder á votación de urxencia, pero ao mesmo tempo hai tamén outra moción que presentan os Grupos provinciais do PsdeG-PSOE e do BNG, relativa tamén á supresión da peaxe da AP-55, que se hai algunha posibilidade de se fundir, fúndense, no transcurso do debate, ou se non, o que se pediría é que se votase a urxencia das dúas mocións e que se proceda a un único debate.

Procédese a votar a urxencia das mocións e apróbase por unanimidade.

Sr. Pose Miñones

Esta moción que presenta o Grupo Popular vén un pouco a raíz precisamente do punto 9 que rematamos de aprobar todos os grupos. Neste momento, dado que cremos que se debe tratar neste foro desta deputación, eu creo que este momento, ao mellor, non o volvemos ter polas circunstancias, xa digo, do punto que rematamos de aprobar todos os grupos.

A exposición de motivos é a seguinte:

Debido ao recente acordo entre Autoestradas do Atlántico, a Concesionaria Española S.A., o Ministerio de Fomento e a Xunta de Galicia, para a supresión das peaxes do Morrazo-Vigo e A Coruña-A Barcala, é evidente o trato diferente de tres casos ben similares, como ben se di no Real decreto 633/2006, do 19 de maio. Acórdase a supresión da peaxe dos citados tramos, coas seguintes motivacións:

No décimo terceiro apartado di que os tráfico entre Vigo e O Morrazo teñen tamén unha natureza eminentemente metropolitana, de forte impacto social, á que cabería engadir a ausencia dunha alternativa equivalente ao percorrido pola autoestrada AP-9, tal como se desprende dunha simple visión morfolóxica da Ría de Vigo. No caso da conexión da Coruña-A Barcala, se ben existen vías alternativas con lonxitudes de percorrido similares, a capacidade destas fai delas unha posibilidade teórica sen aplicación práctica.

É evidente que todo o anterior sería tamén aplicábel ao tramo Arteixo-A Coruña, porque é tamén unha parte de área metropolitana creo que moi considerada, non é unha parte calquera, senón que a existencia do propio Polígono Industrial de Sabón, que é o motor de toda a área metropolitana, eu diría que dunha gran parte de Galicia, e a actual construción do Porto Exterior, e dado o pequeno traxecto que hai de quilómetros, eu considero que é algo que debemos tratar inmediatamente.

En consecuencia, o Grupo Popular proponlle ao Pleno desta deputación os seguintes acordos:

Primeiro.-Instar á Administración autonómica para que canto antes adopte unha solución similar á feita nos casos anteriores citados, suprimindo a peaxe.

Pero neste momento, e facendo referencia, precisamente, ao que rematamos de aprobar por todos os grupos no punto 9, eu iniciaría inmediatamente os trámites para que mentres non se adopte o acordo anterior, as partidas orzamentarias que tiñan as dúas administracións para o presente exercicio destinadas á subvención da peaxe da Coruña-A Barcala, se destine para subvencionar o tramo da Coruña-Arteixo.

E con isto, a moción queda lida e eu pediríalles iso, que polo menos ese diñeiro o destinásemos, porque era un paso que iamos dando, igual que se fixo no seu día coa Coruña-A Barcala. Moitas grazas.

Sr. Lagares Pérez

Dicía o historiador francés e filósofo, Paul Valéry, que a historia é un perigoso produto saído do laboratorio da mente humana e que moitas veces a historia hai que coñecer os feitos para que non se volvan repetir. Por iso, se cadra como estamos no ano da Memoria Histórica e que posiblemente mañá saia o estudo para o Parlamento español coas directrices correspondentes, tamén hai que facer un pouquiño de memoria coa peaxe de Carballo, hai que facer un pouquiño de memoria.

En primeiro lugar, agradézolle ao Partido Popular que recoñeza nesta institución que foi o goberno da Xunta, e o goberno de España os que suprimiron a peaxe da Barcala e da Ponte de Rande, que sexan claros neste punto.

En segundo lugar, posiblemente haxa un esquecemento por parte do Sr. Pose de que foi o Partido Popular o que privatizou a Autoestrada do Atlántico dunha maneira premeditada, despois das pasadas consultas municipais. Aos tres días de teren os resultados municipais, automaticamente privatízase e increméntase un número de anos esaxerado, a Autoestrada do Atlántico. A AP-55, Coruña-Carballo, que pasa por Arteixo, fíxose con diñeiro público, e foi o Partido Popular o que lle aplicou a peaxe. Daquela nesta Cámara dicía eu que podías vir desde Valencia até Carballo pagando dúas peaxes, a de Guadarrama e a peaxe que puxeran vostedes entre A Coruña e Carballo, foron vostedes os que puxeron a peaxe. E por iso eu creo que esta moción se

trata dunha auténtica hipocrisía política, e trátase dunha auténtica hipocrisía política polo que lle vou dicir agora. Primeiro, porque rematamos de facer un ano do goberno de progreso na Xunta de Galicia e vostedes tiveron as ferramentas nas mans para facer isto que pretenden facer agora, e en segundo lugar, e por iso digo o da historia de Paul Valery,ponse a lembrar o que pasou no Pleno de xaneiro do ano 2002, o que pasou aquí nesta Cámara. O Grupo Socialista, daquela na oposición, a través do seu voceiro, Salvador Fernández Moreda, presentou unha moción, onde dicía: “Instar á Xunta de Galicia a: primeiro, a supresión da peaxe da autoestrada A-55 que comunica a cidade da Coruña coa vila de Carballo, na totalidade do seu trazado actual. E segundo para iniciar os estudos técnicos necesarios que permitan a prolongación desta vía de comunicación cara Fisterra, como instrumento fundamental para o desenvolvemento económico e social da Costa da Morte.” Non me vou meter no preámbulo, isto era o que se pedía no Pleno de xaneiro. Cal foi a contestación do Grupo Popular daquela gobernando, unha vez presentada a moción? Pois miren vostedes, o Sr. presidente, Sr. Torres Colomer, di que se vai debater a moción para a declarar de urxencia e esta moción sométese a votación, votos a favor, 14 deputados, 10 do PSOE e 4 do Bloque Nacionalista Galego, votos en contra, 15 deputados do PP, como cambian as cousas!.

E en nome do equipo de goberno, e en particular do Grupo provincial Socialista, chámanos a atención a presentación desta moción polo Grupo Popular, nótase que agora están na oposición, pero os deberes tiñan que facelos antes, e por iso nós presentamos unha moción alternativa. Esta moción ten unha exposición de motivos que vou ler literalmente, e que lle vou pedir ao Partido Popular que retiren a súa moción e que se unan ao Bloque Nacionalista Galego e ao PsdeG-PSOE, o que non fixeron no ano 2002, que o fagan agora, e que o fagan ben.

O anterior goberno galego impuxo unha peaxe á autoestrada AP-55, feita con orzamento público e posteriormente renovou a súa privatización unha vez pasadas as eleccións municipais de maio de 2003 e cunha duración de 25 anos, o que leva que a antedita autoestrada non será gratuíta até o ano 2028.

O actual goberno galego, cun ano escaso de xestión conseguiu a gratuidade dos tramos da Barcala e de Rande, e segue a buscar fórmulas para conseguir a gratuidade da autoestrada AP-55.

Por todo iso, os grupos asinantes propóñenlle ao Pleno da deputación:

- a) Denunciar a política prexudicial para os intereses dos cidadáns de Galicia de privatización da autoestrada do Atlántico e da AP-55, levada a cabo polos anteriores gobernos do PP central e autonómico.
- b) Reiterar os acordos adoptados polo Pleno desta Corporación referentes a conseguir a gratuidade da AP-55, obxectivo compartido polo actual goberno da Xunta.

A Coruña, 27 de xullo de 2006, asinado pola voceira do BNG, a compañeira Socorro Cea Vázquez, e o voceiro do PsdeG-PSOE que está no uso da palabra.

Polo tanto, e xa acabo, Sr. presidente, facendo un percorrido na historia, vemos que a incoherencia por parte do Grupo Popular é clara neste punto. Temos que ser coherentes, e non se trata de que se eliminou a peaxe dun sitio e agora o compensemos noutro, non se trata de andar cambiando cromos, isto foi algo máis serio, isto foi unha auténtica trampa que se lle fixo por parte da Administración autonómica e central gobernada polo Partido Popular aos concellos afectados, aproveitando que remataban de pasar unhas eleccións municipais, e isto eu defino como hipocrisía política, non que vostedes sexan hipócritas, non quero dicir iso, que se me entenda ben, e polo tanto, solicitamos que se retire a moción do Partido Popular e que se vote a nosa. O noso grupo e o equipo de goberno votaremos a nosa moción, e votaremos en contra da moción do Partido Popular. Moitas grazas.

Sra. Vázquez Veras

En nome do Grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego, tócame intervir neste punto defendendo, evidentemente a moción que presentamos conxuntamente o Grupo Provincial Socialista e o Grupo Provincial do BNG.

O Sr. Lagares na súa intervención facía mención a unha definición de historia, eu voume ater a cousas máis ao uso e dicir que hai unha especie de acordo que cando un goberno toma posesión, normalmente se fala deses 100 días de perdón para se situar e comezar a actuar. Eu penso que, á parte de que evidentemente ese repouso é necesario para aqueles que toman as rendas de calquera goberno, dá a impresión de que aqueles partidos que gobernaron necesitan ese tempo tamén para se mergullar nunha especie de amnesia que lles fai esquecer todo do que foron responsábeis en épocas anteriores.

Eu quedei absolutamente sorprendida cando vin a exposición de motivos do Partido Popular, totalmente idílica, é dicir, se collemos o texto e nos abstraemos de quen o asina, efectivamente, sería un episodio máis de todos os que vivimos na bisbarra da Coruña nos últimos anos, onde se fala, e fálase moito, das peaxes e que somos a última bisbarra que parece que reinventamos a historia, en vez de fielato. Pagamos peaxe para transitar por determinadas estradas que, á fin e ao cabo, son eixes fundamentais de comunicación da bisbarra.

Nada máis quero lembrar dúas cousas. Unha, o Partido Popular aprobou un Plan viario comarcal, declarado de interese supramunicipal, como base fundamental para lle dar unha conectividade a toda a bisbarra, tanto interna como externamente, onde a mesma Consellaría de Ordenación do Territorio recoñecía que a supresión das peaxes eran un elemento vital para que ese Plan de conectividade se levase a efecto, e ao mesmo tempo, a mesma Consellaría financia unha autoestrada como é a AP-55 con fondos públicos e ao final parece que os da Coruña temos que pagar algo, que non se

sabe que fixemos no pasado, e cóbrasenos por dobrete, é dicir, tamén se nos mete peaxe. Pero foi a mesma Consellaría de Ordenación do Territorio do Partido Popular quen inventou e puxo as peaxes na AP-55, e as mantivo, e se esta Deputación provincial cofinanciou coa Xunta de Galicia a peaxe da Barcala durante determinado tempo, foi como unha especie de lavado de cara para algo que, efectivamente, nesta moción recoñecen, é dicir, a importancia económica e a repercusión económica que tamén ten para moitos veciños e veciñas da bisbarra, que se moven nesta contorna e que teñen que chegar a Sabón e pagar peaxe, traballadores, traballadoras, empresarios, etc., etc.

Para nós, efectivamente, o recoñecemento chega tarde. Primeiro lembrar que como Grupo provincial do BNG, así como apoiamos esa moción que lembraba o Sr. Lagares anteriormente tamén, nos opuxemos a que a Deputación provincial pagase parte da peaxe, porque xa nos parecía absolutamente *kafkiano* o de ter que pagar con fondos públicos a través dos nosos impostos e parte das persoas que non tiñan dereito á peaxe, e despois con fondos públicos da deputación tamén parte da peaxe da Barcala, e a min o que me estraña, Sr. Pose, é que en base ao punto número 9 da orde do día, introduzan esta moción, porque o punto 9 da orde do día o que vén demostrar é que os grupos de goberno, tanto o Grupo provincial do PSOE como o do BNG, imos por outro camiño que pensamos que é o real e efectivo, é dicir, nós cando tomamos posesión na Corporación provincial seguimos mantendo, evidentemente, esa achega que se facía ao pagamento da peaxe da Barcala e procurando unha solución definitiva ao tema, neste momento témola, non estabamos de acordo co que se fixo e, evidentemente, non estaremos de acordo con que de novo a deputación toma este tema por aí.

Eu penso que esta Corporación se pronunciou con anterioridade moitas veces e reiterámonos nesa decisión que neste momento facemos en conxunto co Goberno da Xunta para suprimir a peaxe de Sabón e buscarlle unha solución para a gratuidade da AP-55 e pensamos que neste momento é o que podemos facer nesta Cámara, sen máis burlas, e sen máis buscar ocasións a remolque de determinados temas, para seguir mantendo unha posición que neste momento é indefendíbel por parte do Partido Popular. As cabinas de peaxe non naceron por xeración espontánea na AP-55, naceron e colocáronse por mor dunha decisión tomada polo Partido Popular daquela responsábel na Xunta de Galicia. Moitas grazas.

Sr. Pose Miñones

Hai que pensar que neste momento quen están a gobernar son vostedes, non é o Partido Popular, e que o momento, se se fixo referencia ao punto 9 é porque hai un diñeiro que a xente que vai e vén a Sabón agradecería moi ben non ter que polo do seu peto. Cando o Partido Popular fixo o esforzo, ou este goberno, fixo o esforzo para poder pagar ou financiar esa parte da Barcala, eu creo que foi ben acollida por todos, xa sei que vostedes non querían e que eran partidarios doutra cousa, este que lles fala, en todo momento estou en contra desas peaxes, e sígoo estando porque considero que é un agravio comparativo tremendo, e que prexudica a aquela xente que vai e vén a traballar

ao Polígono de Sabón, e que Sabón é o principal dinamizador que temos na bisbarra e de cara a todo o mundo do traballo. Por iso eu sigo insistindo en que se aproveite esa partida e se financie esa parte de cara a estes traballadores que pasan por esa peaxe. Lembrar, porque todos cometemos fallos, lembrar o que fixo ou non o Partido Popular agora, son vostedes os que están a gobernar e son os que deben de tomar a determinación. Eu sigo insistindo en defender a nosa moción precisamente por ese motivo, os traballadores e traballadoras que van ao Polígono de Sabón, eu creo que o merecen perfectamente, e que o que é esa AP-9 non é máis que unha circunvalación do que é hoxe en día A Coruña, empata perfectamente coa A6, non é pola xente de Arteixo, hai xente de Culleredo, hai xente da Laracha, hai xente de Arteixo, por suposto, que teñen que pasar por esa peaxe.

Sr. Lagares Pérez

Sr. Pose, eu non sei se vostede fala a título individual ou fala no nome do Partido Popular, ou do Grupo provincial do Partido Popular porque as posicións son totalmente distintas. Mire, vostede fala agora dos traballadores que ían ao Polígono de Sabón, eu creo que os traballadores ao Polígono de Sabón tamén ían no ano 2002, ou é que estaba cerrado o Polígono de Sabón? ou é que estaba cerrado no ano 2002 o Polígono de Sabón?, por iso eu falaba de hipocrisía política e de incoherencia política, porque vostedes non tiveron a atención debida ao Grupo provincial Socialista cando no ano 2002 pedimos isto, e agora este equipo de goberno pide o mesmo, pide no punto, apartado b, “Reiterar os acordos adoptados polo Pleno desta Corporación, referentes a conseguir a gratuidade da AP-55, obxectivo compartido polo actual goberno da Xunta”, non estamos a dicir nada distinto, vostedes deben ter que votar esta moción, por certo non me contestou se van votar a nosa moción e retiran a súa, eu espero que retiren a súa e que votemos por unanimidade, non hai dúbida, aquí hai sitio para outra sinatura. E tamén lle digo outra cousa, a área metropolitana non a compón só Arteixo, o Porto Exterior e Carballo, a área metropolitana chega a outros lugares, chega á bisbarra das *mariñas betanceiras*, sabe vostede?, onde hai polígonos importantes, porque se no Polígono de Sabón está a segunda empresa en facturación de Galicia, Indítex, en Betanzos está a terceira, que é GADISA, segundo os parámetros económicos do último estudo económico da economía de Galicia empresarial. Entón, hai aí dúas peaxes tamén que, indubidablemente, no seu momento, haberá que estudar e que tratar. Pero aquí ao que imos, a gratuidade da AP-55, efectivamente, vai recollida na nosa moción, vótena vostedes, pero non nos veñan agora que non están a gobernar, non, mire, non era onte branco e agora negro, nin viceversa, aínda que tanto dá se é branco ou negro, que o gato cace ratos, non se trata neste caso do mesmo. Aquí o que non se pode é vir con mocións nalgún momento cheas de oportunismo e cheas de elementos que rematamos de demostrar que hai pouco tempo eran rexeitadas frontalmente polo Partido Popular, sexamos serios e sexamos coherentes en política, eu non dubido das persoas que forman o Partido Popular, pero si neste caso dos criterios políticos que aplican. Moitas grazas.

Sra. Vázquez Veras

Eu tamén me ía referir que parece que é novo o asunto e os danos que causou unha decisión política que a tomou quen a tomou, é dicir, eu non son das que digo que temos que volver ao pasado, pero haberá que pórllle os responsábeis ao lado de cada cousa, e evidentemente, o Partido Popular aí tomou unha serie de decisións que mesmo dificultan a posibilidade de cambiar esa situación, era completamente distinto antes de 2003 cando antes de que o Partido Popular tomara a decisión de privatizar e de ampliar a concesión de maneira que agora o rescate, evidentemente, hai que estudala ben porque significa pór máis millóns de euros enriba da mesa, e eu penso que diso teñen que ser conscientes. Por iso, a min péreceme que evidentemente nós temos todo o dereito do mundo a presentar a moción, pondo a responsabilidade onde é, que é as decisións que tomou o Partido Popular de privatización e de imposición de peaxes na AP-55, e eu penso que está suficientemente demostrado que os grupos que presentamos esta moción, evidentemente imos traballar para que esas peaxes se eliminen, porque evidentemente somos dos que pensamos que, efectivamente, non a área metropolitana é Arteixo, nada máis, efectivamente, pero é unha parte importante. Eu, evidentemente, estou de acordo con iso.

O Porto Exterior é unha infraestrutura que vai dar dinamismo á bisbarra, que se supón que vai tirar porque se nuclea arredor de Sabón un polígono industrial, unha zona industrial maior, e iso, evidentemente, ten que ser contemplado, agora, miren, todo foi aprobado gobernando o Partido Popular, non se sabe quen, era o Partido Popular. Xa que logo, eu penso que o que lles toca é cargar co que foron as súas decisións.

A continuación vótase a moción presentada polo PP.

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados (PP)

Votan en contra: 15 deputados (10 do PSOE e 5 do BNG)

Abstéñense: ningún deputado

Seguidamente vótase a moción presentada conxuntamente polo PSOE e o BNG.

VOTACIÓN

Votan a favor: 15 deputados (10 do PSOE e 5 do BNG)

Votan en contra: 14 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

MOCIÓN QUE PRESENTAN OS GRUPOS PROVINCIAIS DO PSDEG-PSOE E DO BNG RELATIVA Á SUPRESIÓN DA PEAXE DA AP-55

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O anterior goberno galego impuxo unha peaxe á autoestrada AP-55, feita con orzamento público e posteriormente renovou a súa privatización unha vez pasadas as eleccións municipais de maio de 2003 e cunha duración de 25 anos, o que leva a que a devandita autoestrada non será gratuíta até o ano 2028.

O actual goberno galego cun ano escaso de xestión conseguiu a gratuidade dos tramos da Barcala e de Rande, e segue buscando fórmulas para conseguir a gratuidade da autoestrada AP-55.

Por todo iso os grupos asinantes propóñenlle ao Pleno da Deputación:

a) Denunciar a política prexudicial para os intereses dos cidadáns de Galicia de privatización da autoestrada do Atlántico e da AP-55, levada a cabo polos anteriores gobernos do PP central e autonómico.

b) Reiterar os acordos adoptados polo Pleno desta Corporación referentes a conseguir a gratuidade da AP-55, obxectivo compartido polo actual goberno da Xunta.”

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Fondo Aguiar

Remátase de finalizar a mellora dun tramo da estrada que vai de Pazos a Leas, no Concello de Ponteceso, esta mellora acaba na Ponte de Sabarigo, unha ponte sobre o río Anllóns que une os concellos de Cabana e de Ponteceso. A ponte, ademais de ser estreita, presenta moitas deficiencias na súa seguridade, e o meu rogo é para que os técnicos desta casa fagan un estudo, e se pode ser mellorábel, que se tome esa decisión. Nada máis.

Sr. Bello Costa

O Sr. Candela escoitou este rogo e tomamos nota del.

Sr. Candela Castrillo

Ese rogo consta na acta deste Pleno e, conseguintemente, cando se nos remita, faremos cuestión deste tema.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as trece horas e corenta e cinco minutos, redactándose a acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, secretario, dou fe.